

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de maio de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vintetres minutos do día treinta de maio de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Lopez-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(564).- PADRÓN FISCAL DA TAXA DA RECOLLIDA DO LIXO DE VIVENDAS DO EXERCICIO 2005. EXPTE. 25189/513/05.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos do 25.05.05, conformado pola directora de ingresos e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2005, por un importe total de 8.121.709,26.- Euros, OITO MILLÓNS CENTO VINTE UN MIL, SETECENTOS NOVE CON VINTE E SEIS EUROS, que consta de 124.436 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 101273 que figura a nome de D^a ISABEL ALONSO VALVERDE polo obxecto tributario de CM ABADÉ (CORUXO) Nº 3, e remata coa inscrición nº 94946 que figura a nome de D^a M^a CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ COMESAÑA polo obxecto tributario de CTRA. ZONDAL nº 2.

2º.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos suxeitos pasivos, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

2(565).- PADRÓN FISCAL DE EXACCIONES UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS DO ANO 2005. EXPTE. 32462/516/05

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos do 25.05.05, conformado pola directora de ingresos e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º) Aprobar o Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2005(taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva de aparcamento) por importe total de 5.646.153,2 Euros segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en CM ABADE (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 1900 que figura a nome de D. JORGE GONZÁLEZ RODRÍGUEZ polo establecemento sito en R/ ZARAGOZA nº 64, cun total de 19.464 recibos e correspondendo a:

- taxa de lixo industrial	4.665.397.48.- Euros
- entrada vehículos	956.019,15. - Euros
- reservas aparcamento	24.736,60.- Euros

2º) Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

3(566).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E FARO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA CAMPAÑA INSTITUCIONAL SOBRE O PROGRAMA DE ALCALDÍA “VIGO 05”. EXPTE. 2136/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.05.05 e de acordo co informe proposta do Xefe de Servizo Administrativo de Alcaldía, do 09.05.05, conformado polo

concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Faro de Vigo, que de seguido se transcribe, para o desenvolvemento dunha campaña institucional sobre o Programa Vigo 2005.

En Vigo, a de de dous mil cinco.

REUNIDOS

Dunha parte, a Ilma. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, no seu nome e representación.

Doutra parte, D. Fernando Fernández Núñez, co NIF. 36.043.911-J, que intervéen en calidade de Administrador de “Faro de Vigo, S.A.”, CIF. A-36600815.

EXPOÑEN

Faro de Vigo é o principal medio de comunicación no ámbito municipal de Vigo, no que supera polo seu número de lectores e difusión a calquera outro medio de comunicación. Ademais, é o diario decano da prensa española e portuguesa. Faro de Vigo leva contribuíndo de xeito importante ó progreso da cidade, servindo de espello de tódalas iniciativas e inqedanzas cidadás. Ademais do seu papel como medio de comunicación, Faro de Vigo serve de vehículo cultural a través da súa programación.

Faro de Vigo presenta ó Concello de Vigo unha proposta relativa ó desenvolvemento dunha campaña promocional institucional sobre o programa de Alcaldía “Vigo 05”, de colaboración para a distribución á poboación da nosa cidade, xunto co diario, dunha pulseira de silikon representativa do mencionado programa. Alcaldía, por medio dunha orde de servico, acepta esta participación institucional do Concello ó coincidir a citada proposta cos seus obxectivos de desenvolvemento de todos os programas que redunden nun beneficio colectivo, neste caso sobre “Vigo 05”.

Polas razóns expostas, desenvólvese este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer un marco de acordo para a colaboración entre o Concello de Vigo e Faro de Vigo para a distribución á poboación, xunto co diario correspondente, dunha pulseira de silikon representativa do programa de Alcaldía “VIGO 05, creada para dar a coñecer a magnitude deste programa e fixas a atención da cidadanía nas actividades relacionadas coa saída da Volvo Ocean Race.

Segunda.- A pulseira será de silikon, especialmente deseñada para a ocasión cos cores da bandeira de Vigo, e se distribuirá de xeito gratuito xunto co diario correspondente.

Terceira.- A colaboración do Concello de Vigo neste convenio será en condición de patrocinador exclusivo, aportando a cantidade de 24.360 euros.

Cuarta.- Faro de Vigo, S.A. participa neste convenio aportando a publicidade específica do proxecto e as canles de distribución da pulseira xunto co diario correspondente.

Quinta.- A contraprestación para o Concello ten carácter de publicidade institucional, na propia cidade e no seu entorno, ámbitos de difusión de Faro de Vigo. O valor desta campaña publicitaria, de realizala o Concello, tería un importe aproximado de 50.000 euros.

As actividades teñen a súa base legal no contido do apartado “m” do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Sexta.- O Concello de Vigo aportará a este convenio de colaboración a cantidade de 24.360 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, “Vigo 2005-2007” do orzamento en vigor.

Dita cantidades ingresarase na conta bancaria número 0097.8901.82.0602034200 do Banco de Galicia.

Sétima.- O pagamento da cantidade expresada na cláusula anterior farase contra a presentación por parte de Faro de Vigo da factura orixinal correspondentes a cantidade total subvencionada.

Oitava.- Coa documentación detallada na cláusula anterior deberase xuntar unha certificación de cumprimento do proxecto, que deberá ser asinada polo xefe de Relacións Públicas e Protocolo do Concello de Vigo, que efectuará, así mesmo, o control do desenvolvemento do convenio.

Novena.- O Concello de Vigo queda facultado para solucionar as controversias derivadas da interpretación, aplicación e execución deste convenio, así como para tomar as medidas que conduzan ó seu cumprimento.

Décima.- Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas, mediante denuncia de calquera das partes.

Décimo primeira.- O presente convenio rematará no intre en que sexa aboada a factura á que se fai referencia na cláusula sétima. En calquera caso, a vixencia deste convenio rematará o día 31 de decembro do ano 2005.

De acordo ámbalas dúas partes co contido do presente convenio, asinan o mesmo por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

4(567).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN “CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS” PARA AXUDA DAS FAMILIAS PERXUDICADAS POLO MAREMOTO DO ESTADO DE KANCHEEPURAN (INDIA). EXPTE 2040/101

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do Técnico de Admón. Xeral, do 12.04.05, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder á Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos, unha subvención por un importe de 3.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.02 do orzamento vixente, e isto con destino á adquisición de utensilios de uso diario, reparación de vivendas e aperos laborais das familias perxudicadas polo maremoto do estado de Kancheepuran (India).

5(568).- PROPOSTA PARA ASIGNACIÓN ÁS CONCELLERÍAS DE DISTRITO DE CONTÍA EN CONCEPTO DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE 2161/101

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do Xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 06.05.05, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por Decreto da Alcaldía de 17 de decembro de 2003, ratificado por acordo plenario de 29 de decembro do mesmo ano, crearonse as Concellerías de Distrito en número de tres, co gallo de aproxima-la Admnsitración a extensas zonas do termo municipal, de crecente poboación.

Estas concellerías foron as constituídas para o Distrito 4 (Coia, Balaídos, Espedrigada), a cargo da Concelleira María Soledad Polo Lima; Distritos 5 e 8 (Freixeiro, Castrelos, Sárdoma, Matamá, Beade, Valadares e Zamáns), a cargo do concelleiro D. Carlos Comesaña Abalde; e Distritos 6 e 7 (Teis, Lavadores, Candeán e Cabral), a cargo do Concelleiro José Manuel Couto Pérez.

As devanditas Concellerías de Distrito, carecen de fondos propios, polo que non poden absorbe-los gastos xerados na súa actividade, con especial incidencia na locomoción, dadas as distancias a percorrer nestes distritos.

Estes gastos poderían cubrirse cunha asignación mensual de trescentos euros por cada unha das Concellerías, a xustificar durante un período de tres meses, a renovar ó remate do mesmo.

Por todo isto, proponse á Xunta de Goberno Local adopta-lo seguinte acordo:

“Asignar a cada unha das Concellerías de Distrito a cantidade de 900 € (total 2.700 €) en concepto de gastos de locomoción a xustificar, por un periodo de tres meses, a renovar ó remate dos mesmos, e isto con cargo á P. 111.0.231.00.00 do vixente presuposto.”

Acordo

A Xunta de Goberno loca aproba a precedente proposta.

6(569).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 283/2004 INTERPOSTO POR MIGUEL ANGEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ EN RELACIÓN CUNHA SANCIÓN DE TRÁFICO POR EXCESO DE VELOCIDADE. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo no recurso de referencia que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ contra a resolución dictada polo concelleiro delegado de Seguridade do Concello desestimatoria de recurso de reposición interposto fronte á dictada en data 17.12.2003 no expediente sancionador número 1040738187, de imposición de sanción de 302 € por infracción do artigo 19.3 LSV e artigo 50 RGC, declaro dito acto contrario a dereito, polo que se deixa sen efecto, sen prexuízo da facultade que corresponde á Administración para tramitar o correspondente expediente administrativo pola eventual infracción polo recorrente do artigo 72.3 LTSV, todo iso sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento municipal de Tráfico e Seguridade.

7(570).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “CASA DE REPOSO NUESTRA SEÑORA DE LA SALUD” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A PERSOAS ENFERMAS E EXCLUÍDOS SOCIAIS EN SITUACIÓN DE EXTREMA NECESIDADE. EXPTE 11355/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.04.05 e de acordo co informe proposta da técnica de benestar social, do 18.04.05, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social, pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Casa de Reposo Nuestra Señora de la Salud” C.I.F. Q-36.003.19-B colaboradora co Departamento de Benestar Social cunha vixencia ata o 31/12/06, para a atención de persoas enfermas e excluídos sociais, por un importe de 17.000 € anuais .

Vigo, a de 2005

Reunidos

Dunha parte,

A Ilma. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte,

Don José Antonio Donaire Jiménez, como Hermano Director do Centro benéfico- asistencial “Casa de Reposo Nuestra Señora de la Salud”, con CIF Q 3600319B, con domicilio na rúa Avda. de Galicia, nº 160 desta cidade.

Ámbalas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

- 1. Que a Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a "prestación de Servicos Sociais" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.*
- 2. Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicos Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servicos sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinação.*
- 3. Que a "Casa de Reposo Ntra.Sra.. de la Salud" para enfermos e marxinaos sociais, rexentado polos Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres ten como obxectivo principal, a atención e coidado de enfermos carentes de recursos e marxinaos sociais.*
- 4. Que a "Casa de Reposo Nuestra Señora de la Salud" constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servicos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servicos Sociais.*
- 5. Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.*
- 6. Que a lei de Servicos Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servicos sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración*

Segundo exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L A Ú S U L A S

Primeira.-

O obxecto do presente Convenio entre o Concello de Vigo e a "Casa de Reposo Nuestra Señora de la Salud" para enfermos e persoas en situación de exclusión social ou en risco dela, rexentado polos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres é contribuír ó sostemento do internado no centro.

Segunda.-

A "Casa de Reposo Ntra. Sra. de la Salud", rexentado polos Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres comprométese a aceptar no seu centro a persoas das características mencionadas que acepten as condicións de orde interno existentes sempre que a súa capacidade o permita, e sexan remitidos polo Departamento de Benestar Social.

Terceira.-

O presente convenio de colaboración terá unha duración de dous anos naturais, entrando en vigor o 01/01/2005 e rematando o 31/12/2006, sen que se estableza prórroga automática.

Este convenio extinguirase igualmente no caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas o fin previsto

Cuarta.-

Para a realización das actividades descrita no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 17.000 € anuais.

O 50% da cantidade anual pagarase ó comezo do exercicio e a cantidade restante no momento que se xustificuen os gastos realizados certificados por funcionario/a municipal responsable do programa.

Quinta

A “Casa de Reposo Ntra. Sra. de la Salud”, rexentado polos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres poderá contratar a tódalas persoas que necesite para o mellor funcionamento do seu centro. Estos contratos estarán suxeitos á lexislación laboral vixente sen que, en ningún caso, esta relación que se establece cos/coas profesionais supoña unha relación laboral co Concello de Vigo.

Sexta.-

A “Casa de Reposo Ntra. de la Salud” para enfermos e marxinados sociais, rexentado polos Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as facéndose responsables dos danos e perxuizos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Séptima.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración - supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da “Casa de Reposo Nuestra Señora de la Salud”, rexentada polos Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a responsable dos Servicios Sociais.

Oitava.-

O Concello poderá subscribi-los convenios que crea adecuados coas distintas entidades e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo reservase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

O presente convenio quedará fora do ámbito de aplicación da Lei de contratos das administracións públicas

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día arriba indicado polos representantes das partes presentes.

8(571).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE 21/948, 23/951, 23/727, 1/731, 4/284, 2/755, , 11/910 E 11/935.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo cos informes propostas do Xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Amalia Izquierdo Collazo. Expte. 21/948.
- D^a Alicia Barros García. Expte. 23/951.
- D. Francisco Pérez Álvarez. Expte. 23/727.
- D^a Rosalina Nistal Martínez. Expte. 1/731.
- D^a Consuelo Costas Fernández. Expte. 4/284.
- D. Jesús Villar Soto. Expte. 2/755.
- D. Jose Luis Pérez Rodríguez. Expte. 11/910.
- D^a Sofía D. Freitas Pino. Expte. 11/935.

9(572).- PRESTACIÓN DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/1308

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social do 19.05.05, conformado pola delegada do Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a Encarnación Novoa Conde.

10(573).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROGRAMACIÓN CONXUNTA DE EXPOSICIÓNS NA CASA GALEGA DA CULTURA. EXPTE 8925/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 05.05.05 e de acordo co informe proposta do xefe do departamento de Cultura, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, para realizar unha programación conxunta de exposicións na Casa Galega da Cultura nos anos 2006, 2007 e 2008.

2º.- Autorizar un gasto 1.000 € en 2005 e de 6.700 € anuais durante os exercicios económicos de 2006, 2007 e 2008, con cargo á partida 4510.226.08.01 "Programa de exposicións", para atender as obrigas correspondentes ó Concello de Vigo derivadas do convenio (producción de material básico para difusión das exposicións).

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A PROGRAMACIÓN CONXUNTA DE EXPOSICIÓNS NA CASA GALEGA DA CULTURA

Vigo, _____ de _____ de 2005

COMPARECEN

Dunha parte, a Excma. Sra. Dona Corina Porro Martínez, alcaldesa-presidenta da Corporación Municipal do Concello de Vigo con CIF P3605700H, con sede na Praza do Rei s/n, 36202 de Vigo (en diante o Concello).

Doutra parte, o Excmo. Sr. Don Domingo Docampo Amoedo, Rector Magnífico da Universidade de Vigo, con CIF Q-8650002B, nomeado según o Decreto da Comunidade Autónoma de Galiza num. 185/2002, do 27 de maio publicado no Diario Oficial de Galiza num. 102, do 29 de maio de 2002, dacordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei Orgánica da Universidades 6/2001, do 21 de decembro e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo, publicados no DOG num. 237, de 5 de decembro de 2003, con enderezo en Vigo, no Campus Universitario, Lagoas Marcosende, Edificio Reitorado.

Ámbolos dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica dabondo, subscriben en nome das respectivas entidades o presente documento e, para os efectos,

EXPOÑEN

1.- Que ámbalas entidades consideran de interese común promover a cooperación e colaboración para o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de carácter cultural dirixidos á cidadanía viguesa en xeral e, en particular, á comunidade universitaria do campus de Vigo.

2.- *Que é desexo da ámbalas dúas institucións a subscripción dun convenio de colaboración que enmarque as súas relacións, sen que isto impida a firma de convenios específicos cando así o requira a ocasión.*

3.- *Que ambas institucións teñen sinerxias que poden e deben complementar a oferta cultural da cidade de Vigo e a súa área de influencia. A Concello de Vigo e a Universidade de Vigo como entidades promotoras de cultura poderían aproveitar as súas potencialidades que se relacionan co outro ricaz conglomerado creativo que se amosa en toda a cidade, de xeito que determinados espazos da cidade e da Universidade poidan asociarse con este plantexamento cultural, creando unha imaxen de marca asociada a estes valores, á cidade de Vigo e ás dúas institucións asinantes deste convenio.*

4.- *En consecuencia e por todo isto, ambas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto deste convenio consiste en regular a colaboración entre a Concellaría de Cultura do Concello de Vigo e o Vicerrectorado de Extensión Universitaria e de Estudiantes da Universidade de Vigo para a organización conxunta de exposicións na Casa Galega da Cultura, no período 2006-2008.

SEGUNDA.- PROGRAMA

En virtude deste convenio preténdense promover, desenvolver e apoiar o deseño e execución dun programa expositivo que ten como obxecto principal potenciar os novos valores e as iniciativas, proxectos e actividades vangardistas e alternativas de calidade que complementan a oferta cultural xa existente na cidade e que contribúan a conquistar os obxectivos de ambas institucións.

As exposicións do programa expoñeríanse na planta baixa da Casa Galega da Cultura nun período de catro (4) meses, incluídas montaxes e desmontaxes, en cada un dos anos de vixencia deste convenio. As exposicións amosarían diferentes ámbitos (artes plásticas, visuais, científicas, literarias, teatrais...) dirixidas por diferentes comisarios coordinados por un comité paritario entre ambas institucións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS ENTIDADES ASINANTES DO CONVENIO

A Universidade de Vigo comprométese a:

- a) *Desenvolver e presentar a programación anual ante dunha comisión mixta para o cal se nomeará un coordinador xeral e os comisarios de cada exposición, de mutuo acordo entre as entidades asinantes deste convenio. A Universidade de Vigo presentará a proposta do programa concreto ó Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais durante no mes de setembro de cada anualidade precedente á da programación.*
- b) *Realizar o deseño gráfico do material de difusión.*
- c) *Asumir a produción das exposicións (montaxe, desmontaxe, transportes, etc.), seguros, permisos, autorizacións, xestión e gastos vencellados ós dereitos de autor e, en xeral, calquera outro concepto ou gasto non atribuído expresamente ó Concello de Vigo.*
- d) *Procurar a edición dos catálogos das exposicións realizadas; por cada unha delas, por grupos, por ciclos ou da forma en que a Universidade de Vigo o considere máis adecuado.*

O Concello de Vigo comprométese a:

- a) Ceder o uso da sala de exposicións da planta baixa da Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa 2) durante o período acordado para cada programa anual de exposicións.
- b) Facilitar un servizo de atención ó público na sala de exposicións e o control de acceso do edificio.
- c) Dispoñer o mantemento e limpeza da sala de exposicións.
- d) Producir o material básico de difusión para cada exposición (folletos, cartel, invitacións e sobre, lona en exterior do edificio, ...) de acordo co límite máximo presupostario previsto neste convenio e de acordo co procedemento de contratación dos servizos e subministrados que xestionará o Concello de Vigo.

CUARTA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

O presuposto xeral anual do programa obxecto do convenio ascende a 13.400 € (trece mil catrocentos euros), con tódolos impostos e gastos incluídos, nos anos 2006, 2007 e 2008 e 1.000 € en 2005.

O Concello de Vigo aportará anualmente un máximo de 6.700 euros (seis mil setecentos euros) en concepto de produción de material básico de difusión das exposicións.

No exercicio presupostario de 2005 o Concello de Vigo aportará un máximo de 1.000 € (mil euros) para a difusión xeral do convenio e do avance da programación de 2006.

Os gastos que asume o Concello de Vigo derivados deste convenio aplicaranse á partida 4510.226.08.01 "Programa de exposicións", condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto de cada anualidade.

Os gastos que asume a Universidade de Vigo derivados deste convenio aplicaranse á partida 0023.221E.229.01 Actividades Culturais, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de cada anualidade.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

O seguimento do convenio, da planificación, desenvolvemento e avaliación das actividades do programa realizaranse a través dunha comisión mixta na que estarán presentes o Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo e o Vicerrector de Extensión Universitaria de Estudiantes da Universidade de Vigo e os técnicos das entidades asinantes, que eles dous designen.

SEXTA.- OUTROS ACORDOS DE COLABORACIÓN CULTURAL

As entidades asinantes deste convenio procurarán outros acordos ou convenios de colaboración cultural, para os que se determinará:

1. Descrición do obxecto de convenio.
2. Definición do programa de traballo acordado.
3. Formulación do orzamento e/ou da aportación das respectivas partes, coa consignación, se procede, da conseguinte partida orzamentaria.
4. Relación de persoas que ambas partes asignan para o desenvolvemento do convenio.
5. Calquera outro aspecto que se considere relevante.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN

O material editado en relación coas actividades deberá contar coa conformidade previa das dúas entidades asinantes do convenio, a través dos seus representantes na comisión mixta. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo/Concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais e da Universidade de Vigo/Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Estudiantes figurarán debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas, créditos e contidos que se acorden.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada entre os responsables institucionais na comisión mixta.

OITAVA.- INCUMPRIMENTOS

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo. Previamente, as partes, comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionar as diferencias a través da comisión mixta de seguimento do convenio.

NOVENA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2008 e non será prorrogable.

As partes poderán denunciar o convenio ou propoñer a súa modificación, a través de escrito comunicado cunha antelación mínima de tres meses antes do remate de cada un dos exercicios presupostarios comprendidos na súa vixencia.

E en proba de conformidade cos termos do Convenio de colaboración, as partes o asinan por triplicado no lugar e data expresados ó comenzo.

11(574).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA RELATIVO Á DOTACIÓN PARA FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES. EXPTE 8932/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 09.05.05 e de acordo co informe proposta do xefe do departamento de Cultura, do 5.05.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, por importe de 36.000 (trinta e seis mil euros) para o financiamento da actividade do Instituto de Estudos Vigueses correspondente ó ano 2005; o importe da subvención supón o 85,71% do presuposto total do programa. A financiación da subvención aplicaríase á partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudos Vigueses” do vixente presuposto municipal.

2º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Provigo e a súa Área que regula o desenvolvemento da subvención outorgada.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

En Vigo, a ___de_____de dous mil cinco.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Pablo Conde Barreras, na súa calidade de Director Xerente da FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, e con enderezo na Praza de Compostela, 22 baixo, 36201 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FUNDACIÓN.

MANIFESTAN

- 1. O Concello de Vigo, a Fundación Provigo e a súa Área - Instituto de Estudos Vigueles (en adiante o INSTITUTO) asinaron convenios de colaboración o 14 de setembro de 1994 , o 9 de maio de 2001 e o 24 de marzo de 2004, nos que definían as dependencias e medios cos que ía desenvolver o seu labor o mencionado INSTITUTO.*
- 2. Coa finalidade de facilitar que o INSTITUTO poida desenvolver o seu labor no ano 2005 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento.*
- 3. D. Ignacio López-Chaves Castro, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004 sobre competencias delegadas e D. Pablo Conde Barreras actúa na súa calidade de Director Xerente conforme á escritura de apoderamento outorgada o 14 de abril de 2005 pola Fundación Provigo e a súa Área.*

En consideración ó antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxecto de subvencionar o programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, órgano cultural da Fundación, correspondente ó ano 2005, que se detalla no Anexo. As liñas xerais do programa consisten na edición de publicacións, a continuación do desenvolvemento dun proxecto de Centro de Documentación da Historia de Vigo e a realización dun ciclo de conferencias.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 42.000 €. O INSTITUTO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- a) 6.000 € por venda de libros*

- b) 36.000 € (trinta e seis mil euros) con cargo ó presuposto do Concello de Vigo, partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudios Vigueses” do vixente presuposto municipal.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

O INSTITUTO establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará ó Concelleiro da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo e ó departamento de Cultura , cunha antelación mínima de 15 días.

CUARTA.- Mecanismo de asistencia técnica. Obrigas do INSTITUTO

1. Cumprir o programa obxecto deste convenio; comunicando, con antelación, á Concellería da Área de Asuntos Sociais e ó departamento de Cultura, os cambios que se poideran producir, así como as incidencias durante o desenvolvemento da programación.
2. Asumir tódolos gastos e pagamentos relativos á totalidade do desenvolvemento do programa.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.
4. Entregar á Concellería da Área de Asuntos Sociais 20 (vinte) exemplares das publicacións que realice o INSTITUTO durante o ano 2005; con carácter especial este fondo podería ampliarse para afrontar compromisos institucionais do Concello se se solicitan pola Alcaldía en escrito razonado.
5. Completar o fondo editorial do INSTITUTO na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, Museo de Castrelos e Arquivo Municipal; no caso que o fondo estivese incompleto nestes organismos.
6. Emitir os informes que se lle poidan requirir pola concellería de Asuntos Sociais ou a Alcaldía sobre asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nomes no rueiro da cidade.
7. Presentar no CONCELLO unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, xunto coa liquidación do pagamento da subvención e como máximo dentro dos 30 días seguintes á finalización do programa de actividades.

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa do INSTITUTO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- Mecanismos de coordinación ou actuación conxunta. Unidade xestora.

O seguimento da execución do convenio realizarase pola unidade de Cultura adscrita á concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Difusión.

A produción de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola FUNDACIÓN. O deseño gráfico exterior deberá ser enviado previamente ó departamento de Cultura.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais (Cultura) figurará debidamente nas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía aportada por cada unha delas.

OITAVA.- Forma de pagamento da subvención.

O CONCELLO aboará á Fundación Provigo e a súa Área o importe da subvención a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-73-0040233285 da que é titular A FUNDACIÓN. O pagamento tramitarase durante o ano 2005 do seguinte xeito:

- Ata un 25% durante o mes seguinte á sinatura do convenio.
- Ata un 50% durante o mes de outubro.
- Ata un 25% durante o mes de decembro, xunto coa liquidación do convenio.

Para o trámite dos pagamentos da subvención A FUNDACIÓN deberá achegar a seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, para cada unha das fraccións; un informe sobre o funcionamento e actividades realizadas polo INSTITUTO, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento. Os pagamentos parciais e a liquidación deberán contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

Para a liquidación do último pagamento da subvención, ademais da documentación citada no parágrafo anterior presentarase unha memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- a) datos sobre os participantes nas actividades,
- b) memoria de prensa,
- c) relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento (concepto, acreedor e importe);
- d) detalle do balance económico das actividades e funcionamento: gastos.- facturas orixinais polo importe subvencionado; ingresos.- detalle das contías recibidas (subvencións de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc.).

A memoria-avaliación e liquidación do programa subvencionado deberá contar coa aprobación da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

As facturas aportadas pola FUNDACIÓN deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo RD 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A cancelación dalgunha das actividades ou servicios previstos no programa producirá o desconto proporcional que corresponda no importe do pagamento da subvención.

NOVENA.- Incumprimentos.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio para a entidade colaboradora significará a cancelación do pagamento pendente, mesmo o reintegro do abonos que xa foran realizados polo CONCELLO.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionar as diferencias.

DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2005.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais queda facultado para adoptar as medidas que contribúan o cumprimento e desenvolvemento.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á DOTACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO O INSTITUTO

PROGRAMA-PRESUPOSTO DO O INSTITUTO 2005

INGRESOS				
	<i>Subvencions</i>			
	<i>Excmo. Concello de Vigo</i>	<i>36.000</i>		
	<i>Venda de Libros</i>	<i>6.000</i>		
	<i>Total ingresos</i>			<i>42.000</i>
GASTOS				
	<i>Gastos Externos</i>		<i>6.930</i>	
	<i>Material de Oficina</i>	<i>800</i>		
	<i>Comunicacions</i>	<i>2.500</i>		
	<i>Primas de Seguros</i>	<i>200</i>		
	<i>Mantenimiento e Reparacións</i>	<i>1.200</i>		
	<i>Subscripcións</i>	<i>700</i>		
	<i>Cuota anual CECEL</i>	<i>100</i>		
	<i>Hosting Páxina WEB</i>	<i>400</i>		
	<i>Guía Telefónica</i>	<i>430</i>		
	<i>Varios</i>	<i>600</i>		
	<i>Programas</i>		<i>35.070</i>	
	<i>Edición facsímil e presentación libro</i>	<i>11.000</i>		
	<i>Edición e presentación libro</i>	<i>6.500</i>		
	<i>Edición e presentación libro</i>	<i>4.800</i>		
	<i>Edición e presentación Boletín GLAUCOPIS N° XI</i>	<i>4.900</i>		

	<i>Asemblea anual da CECEL</i>	600		
	<i>Centro de Documentación Histórica de Vigo</i>	6.000		
	<i>Ingreso novo Membreo Numerario</i>	670		
	<i>Conferencias-Coloquios</i>	600		
	<i>Total Gastos</i>			<u>42.000</u>

12(575).-SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A PROBA CICLISTA “TROFEO CONCELLO DE REDONDELA” NO SEU PASO POLAS ESTRADAS AVDA. DE GALICIA E AVDA. BOS AIRES O 05.06.05. EXPTE. 5229/333

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do Director do IMD, do 10.05.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar ao Club ciclista Ría de Vigo a desenvolver o vindeiro día 5 de xuño de 2005 a proba ciclista denominada “Trofeo Concello de Redondela”, polas estradas pertencentes o termo municipal de Vigo, avda. de Galicia, avda. de Bos Aires para volver a enlazar coa estrada C 552 en dirección a Redondela, aproximadamente as 10:20 h.

13(576).- SOLICITUDE DA ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O “41 RALLY RIAS BAIXAS” QUE SE DESENVOLVERÁ DURANTE OS DÍAS 3, 4 E 5 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 5285/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do Director do IMD, do 18.05.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Escuderia Rías Baixas a celebrar as actividades do 41º Rally Rías Baixas seguintes:

1º.- Tramo de Test Shakedown en Bembrive, para o que é necesario pechar ao tráfico a estrada de Bembrive que vai da capela de San Cibrán o parque forestal que está cerca da Universidade de Vigo o día 3 entre as 13:00 h. e as 18:30 h.

2º.- As saídas do IFEVI as 8:20 h., 11:40 h., 16:00 h. e 19:00 h. en dirección Puxeiros e Porriño.

3º.- As entradas no IFEVI as 11:00 h., 14:00 h., 18:15 h. e as 21:15 h. de Puxeiros o día 4.

14(577).-PROPOSTA PARA INICIAR EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN ESTUDIO DE VIABILIDADE DE PISCINAS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico municipal do Servizo de Deportes, do 25.05.05, que di o seguinte:

PISCINA DA FLORIDA.-

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 25/04/2005, acordou aprobar o cambio de uso dotacional de zona deportiva pública aberta a piscina cuberta municipal na praza central do polígono 1 do PERI "II-12-A Florida B", de conformidade co disposto no artigo 47.4 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística de Galicia.

As dimensións da parcela, segundo o arquitecto municipal posibilitan a construción dunha piscina cun vaso de 12.50 x 25 metros de longo e outra máis pequeno de 7.50 x 12.50 metros para chapoteo.

PISCINA DE BARREIRO.-

No Plan Especial de Reforma Interior do Sector PERI 4-Barreiro II existe unha parcela para equipamento deportivo para a construción dunha piscina cuberta municipal duns 4000 m2 de superficie.

PISCINA DE VALLADARES.-

No Polígono 208 de Valladares, na parcela 290 de titularidade municipal está ubicado o Pavillón cuberto municipal de Valladares. A carón deste Pavillón preténdese construír unha piscina cuberta. Dadas as dimensións deste equipamento sería preciso utilizar a parcela 288 do mesmo Polígono, cuxo titular é a Comunidade de Montes Veciñais en man común de Valladares. Polo tanto, cómpre que a devandita parcela sexa cedida para o fin anteriormente exposto.

A Lei 13/2003, de 13 de maio, reguladora do contrato de concesión de obra pública, modificou a lei de Contratos coas Administracións Públicas introducindo, entre outros aspectos un novo Título V no texto legal citado, e creando un novo contrato administrativo que ten coma fin posibilitar o financiamento privado de grandes infraestruturas públicas sen contraprestación certa por parte da administración concedente ao trasladarse ao empresario, mediante o oportuno control e tutela, a construción, explotación e conservación da obra pública que se efectuará ao seu risco e ventura.

Neste contexto e dada a pretensión de construír tres piscinas para natación e actividades de lecer, é polo que o plantexamento anteriormente exposto e recollido na Lei 13/2003, se axusta á necesidade que ten a cidade deste tipo de equipamentos

Este tipo de contrato é o máis axeitado para os intereses municipais e para a construción das dotacións anteriormente referidas. Previo a incoación do expediente de contratación é necesario desenvolver un estudio de viabilidade e un anteproxecto das instalacións anteriormente referidas.

Por todo isto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Encargar ó Servizo de Deportes a tramitación dun expediente para a contratación dun estudio de viabilidade para a concesión de obra pública e explotación das piscinas de Coia, Barreiro e Valladares, mediante contrato menor de conformidade con sinalado no art. 227 da LCAP. Tendo en conta a experiencia que ten a Escuela de Negocios CaixaNova na realización deste tipo de estudos é polo que podería ser invitada a participar solicitandolle presuposto sobre o custo do dito estudio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(578).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA PARA O CURSO DE TÉCNICAS DE SERVIZO EN BARRA E SALA . EXPTE. 3133/077

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.05.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.05.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Técnicas de servizo en barra e sala” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego, que se desenvolverá no presente ano 2005, que de seguido se transcribe:

CURSO TÉCNICAS DE SERVIZO EN BARRA E SALA DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN

O Concello de Vigo dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser indutor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da experiencia exitosa obtida en anos anteriores. A formación ocupacional realízase nun ámbito produtivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos produtivos.

O deseño deste curso, que enmarcase dentro do Plan formativo do ano 2005, ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servizo de orientación

laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desempeño de programas de formación.

Dado o interese que a Federación Provincial de Empresarios de Hostalería amosa por facer un curso e unha vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres e homes entre 20 e 45 anos), o equipo do Servizo de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

En Galicia a realidade amósanos que o turismo converteuse nunha actividade económica e social capaz de solventar e ser alternativa aos procesos que vivimos de declive industrial. E, hoxe en día en Vigo é o terceiro sector económico por detrás da automoción e a construción, polo que é necesario que as persoas que atenden en bares, restaurantes, cafeterías.... teñan unha formación adecuada en canto a manipulación de alimentos, servizo de bebidas quentes e frías, atención ao cliente.... que os leve a recoñecer e satisfacer aos diferentes tipos de clientes. A metodoloxía de aprendizaxe a utilizar na acción informativa pretende lograr o enriquecemento do alumnado, partindo do seu nivel e as súas necesidades a través dunha motivación continua que os manteña alerta e activos durante o proceso formativo.

O compromiso de contratación que se asina no convenio é do 50% por un período mínimo de tres meses e as persoas traballarán nos distintos locais que aparecen como comprometidos no programa.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais das empresas o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

DENOMINACIÓN	Nº ALUMNOS/AS	Nº HORAS	ENTIDADE	IMPORTE (euros)
TÉCNICAS DE SERVIZO EN BARRA E SALA	15	40	FEDERACIÓN. PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA	3.305,00

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de maio, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección do persoal docente.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/5/1997.

SELECCIÓN DO ALUMNADO

O curso terá unha participación máxima de 15 persoas.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servizo de orientación laboral da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriran tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2005 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e custos materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 1.700,00 €.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización dos cursos (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 1.605,00€.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 3.305,00€.

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, “ Programa de axudas á inserción laboral”, do ano en curso.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO "TÉCNICAS DE SERVIZO EN BARRA E SALA"

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo. Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por dona Lucía Molares Pérez en calidade de concelleira de Promoción Económica e de Desenvolvemento Local,

doutra:

Don Jose Carlos Rodríguez Cerdeira, con NIF 36056679-Q en nome e representación da Federación Provincial de Empresarios de Hostalería, con domicilio na rúa García Barbón, 90, 1º D, da cidade de Vigo.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de persoas activas e desempregadas. Deste xeito, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dunha aprendizaxe activa desenvolvida dentro do ámbito produtivo real.

SEGUNDO: A Federación Provincial de Empresarios de Hostalería, S.A é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa.

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 40 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 5 horas diarias, coa finalidade de formar a 15 persoas no curso “Técnicas de servizo en barra e sala” e co compromiso de contratar, por parte da Federación Provincial de Empresarios de Hostalería nas súas empresas asociadas, un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos da Federación Provincial de Empresarios de Hostalería.

A Federación Provincial de Empresarios de Hostalería organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar o curso motivo do convenio, para o que contará

co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso.

TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección das persoas candidatas a través do equipo técnico do Servizo de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no seu funcionamento, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado/a pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

QUINTA.- Incumprimento do convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, tras a resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ao presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do seu obxecto, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual ningunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 3.305,00€. No referido ao pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio, o Concello aboará unha cantidade inicial de 1.652,5€, que supón o 50% do total, ao inicio do programa, para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das actividades. Será tramitado unha vez que se certifique, por parte do/a responsable municipal designado/a, que tal actividade se ten iniciado efectivamente.

O resto do importe da cantidade presupostada aboarase nun segundo e derradeiro pago que se corresponderá co outro 50% do total, 1.652,5€, unha vez que sexa debidamente xustificada a consecución dos compromisos adquiridos polas empresas asociadas.

Este gasto farase con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e para un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

3º.- Facultar a Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a súa sinatura.

4º.- Aprobar a disposición total de 3.305,00€, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” que inclúe os gastos docentes, materiais e seguro do alumnado para a realización deste curso do programa “Formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego 2004-2007.

16(579).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LA EMPRESA MOVEXVIAL POR IMPORTE DE 23.314,96 € POLA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CANALIZACIÓN DE DIVERSAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 11151/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 9.05.06, e de acordo co informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a nulidade das obras realizadas pola empresa MOVEXVIAL, S.A (obras de canalización realizadas en diversas rúas da cidade).

2º.- Recoñecer unha indemnización substitutiva por importe de 23.314,96 Euros, polo cal a referida empresa considera satisfeita a débeda do Concello e renuncia a calquera reclamación posterior por intereses, danos ou prexuízos, segundo os seus escritos de data 20 de xaneiro pasado.

3º.- O presente expediente deberá ser remitido a Intervención Xeral para proceder a efectuar a Toma de Razón.

17(580).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA “VERBENA POPULAR”, O 4 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 70697/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 25.05.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CALVARIO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da VERBENA POPULAR, o 4 de xuño de 2005 no Calvario, na zona peonil comprendida entre a rúa Numancia e rúa Aragón, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir

as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado 3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

18(581).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN “DESFILE DE MODA” O 10 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 71005/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 23.05.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA CENTRO para a ocupación da vía pública con motivo da celebración dun desfile de moda, na parte peonil da rúa Progreso, instalando unha carpa de 10 x 5 mts. na parte retranqueada da citada rúa, cunha pasarela de 15 mts. por 2,50 mts. e con 100 sillas colocadas rodeando a dita pasarela. o 10 de xuño do ano en curso ás 19 horas, sen que se entorpezca en ningún caso a libre circulación de peóns

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.000 €

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse ás seguintes normas:

- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

19(582).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID. EXPTE. 71009/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Mobilidade e Seguridade, do 24.05.05, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se encontran no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg, debendo retirarlos no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que seccionar-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 2 / 1998

PO-9103-I
PO-0999-N

FURGONETA NARANJA
RENAULT R-5

EXPEDIENTE : 6 / 2004

C-8021-S

PEUGEOT 505 SRD

EXPEDIENTE : 7 / 2004

C-5766-BHJ
PO-3959-AB

YAMAHA YA 50 F
RENAULT R-11 GTD

EXPEDIENTE : 8 / 2004

M-5105-IN
PO-1230-Y
PO-8564-AG
PO-2398-AP

FORD FIESTA 1.1
EBRO F 275
CITROEN BX 1 9 GTI
SEAT TERRA

EXPEDIENTE : 1 / 2005

B-4326-LY
C-0332-BGR
C-5768-BHJ
C-4528-BNL
PO-4838-Z
PO-8874-AG
PO-2329-AK
PO-6413-AP
PO-3036-BJ

FORD ESCORT
PIAGGIO TYPHOON 50
PIAGGIO TYPHOON 50
YAMAHA CS 50 Z
CITROEN AX 1.1
FIAT REGATA 70
RENAULT R 5
CITROEN ZX 1.9 D
CITROEN XM TD

EXPEDIENTE : 2 / 2005

PO-4413-AG
PO-8316-AK

VOLKSWAGEN GOLF
FORD ESCORT

TOTAL VEHÍCULOS : 20

20(583).- AUTORIZACIÓN PARA A ASISTENCIA AO CURSO DE “INTERVENCIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS NO MEDIO AMBIENTE” ORGANIZADO POLO ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONALES-MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, OS DÍAS DO 7 AO 10 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 33188/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe da Unidade de Persoal, do 20.05.05 e de acordo co informe-proposta do xefe da Policía Local, do 19.05.05, conformado polo concelleiro de Seguridade e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Autorizar a D. José Luis Rolo Silva, titular do DNI. 36.052.071-P, D. Juan José Santiago González, titular do DNI. 36.103.070-Q, D. David Costas Pérez, titular do DNI. 36101.838-A, e D. Emilio Vigo Quirós, titular do DNI. 36.025.575-P, a asistencia ó curso de “INTERVENCIÓN DE LAS POLICIAS LOCALES EN EL MEDIO AMBIENTE”, organizado polo Organismo Autónomo Parques Nacionales- Ministerio de Medio ambiente- os días 7, 8, 9 e 10 de xuño de 2005.

2º- Que se libre con cargo á partida 2222.230.01.00 o gasto de manutención por un importe de 442,44 € a favor de:

- D. José Luis Rolo Silva, titular do DNI- 36.052.071-P, (110,61 €)
- D. Juan José Santiago González, titular do DNI –36.103.070-Q (110,61 €)
- D. David Costas Pérez, titular do DNI- 36.101.838-A, (110,61 €)
- D. Emilio Vigo Quirós, titular do DNI- 36.025.575-P, (110,61 €)

3º- Que se libre con cargo á partida 22.22.231.00.00 o gasto de desplazamento por un importe de 204 € a favor de D. Emilio Vigo Quirós, titular do DNI. 36.025.575-P

21(584).- DAR CONTA DA ORDE DE SERVIZO DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PATRIMONIO, DE 13.05.05, DE SUSPENSIÓN DA REMISIÓN AO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA DOS EXPTE. DE RECLAMACIÓNS PATRIMONIAIS, AGÁS EN CASOS DE COMPLEXIDADE OU TRASCENDENCIA ESPECIAL. EXPTE. 606/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.05.05, conformado polo xefe do Servizo de Patrimonio e a xefa de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

O Consello Consultivo de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia de data 7 de decembro de 1999 un Acordo do Pleno do devandito Consello sobre “o alcance do artigo 11,m) da Lei de Galicia 9/1995, de 10 de novembro, pola que se crea o Consello Consultivo, en relación coas reclamacións de danos e perdas que se formulen contra os entes locais” no que se declara que ese corpo consultivo é competente para emitir dictame preceptivo nos expedientes de indemnización de danos e perdas reclamados ós entes locais de Galicia. Este acordo foi remitido ó Concello de Vigo en 1 de decembro de 1999.

A Comisión de Goberno, na sesión ordinaria de 13 de decembro de 1999, acordou quedar enterada do mencionado acordo, e o Secretario Xeral do Concello enviou ó Departamento de Patrimonio unha instrucción, en data 10 de xaneiro de 2000, co fin de que se solicitase dictame ó Consello Consultivo de Galicia nos expedientes de reclamación de danos que se atopasen en trámite e nos que se tramitasen no sucesivo, polo que a partir desa data comenzaron a solicitarse dictames ó Consello Consultivo de Galicia nos expedientes de responsabilidade patrimonial.

Consonte o artigo 3 da Lei 9/1995, de 10 de novembro, de Creación do Consello Consultivo de Galicia “a consulta ó Consello Consultivo de Galicia será preceptiva cando así o estableza esta lei u outra norma de igual rango, e facultativa nos demais casos” e o artigo 11 da mesma concreta os supostos de consulta ou dictame preceptivo dispoñendo na letra m) “en xeral, en todos aqueles supostos nos que así o establezca unha lexislación específica”, cláusula xenérica de competencia na que se pretende amparar, na interpretación do Consello Consultivo de Galicia, o dictame preceptivo do mesmo nos casos de responsabilidade patrimonial.

A Sentenza da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo, de 9 de febreiro de 2004, dictada no recurso contencioso-administrativo nº 6363/2001, no seu fundamento de dereito primeiro establece que o

acordo do Consello Consultivo de Galicia “non impón obrigas inmediatas a terceiros, entre eles ós entes locais é constitutivo dun simple criterio a seguir do que se informa ás entidades locais galegas” e que “limitase a fixar un criterio interno respecto á propia competencia do Consello, e carece de calquera virtualidade vinculante para terceiros”.

A vista desta sentenza, que considera que o acordo interpretativo do artigo 11.m da Lei de creación do Consello Consultivo de Galicia non é vinculante para as entidades locais e non impón ningunha obriga a estos e tendo en conta que non existe no ordeamento xurídico precepto algún que establezca a obriga de solicitude de informe ós órganos consultivos das Comunidades Autónomas na tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial, dado o elevado volumen de reclamacións de responsabilidade patrimonial que se tramitan nesta oficina (en 2004 o nº de reclamacións elevouse a 436), a solicitude de informe ó Consello supón unha demora na tramitación dos expedientes que dificulta tanto o respecto o principio de celeridade na tramitación dos mesmos (artigo 74 LRJAP) como o cumprimento dos prazos máximos de resolución impostos pola lei (artigo 42 LRJAP), sen que, por outra banda, a solicitude do devandito dictame signifique un aumento das garantías do administrado, xa garantizadas no propio procedemento e cos diferentes recursos establecidos pola lei contra as resolucións que poñan fin ó mesmo.

Polo exposto, acórdase suspender con carácter xeral a solicitude de dictame ó Consello Consultivo de Galicia ata que varien as circunstancias, salvo naqueles supostos que pola súa especial transcendencia ou complexidade o instructor estime convinte a emisión de dictame por este órgano consultivo.

O concelleiro delegado de Patrimonio, visto o anterior informe, dictou a seguinte orde de Servizo, da que se dá conta a esta Xunta de Goberno local:

1º.- A non remisión ó Consello Consultivo de Galicia, a partir da presente data, dos expedientes de responsabilidade patrimonial que se inicien ou que se atopen en tramitación, salvo naqueles supostos nos que o instructor o estime necesario pola súa complexidade ou especial transcendencia.

2º.- Dar conta da presente orde de servizo á Xunta de Goberno de Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

22(585).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA CRISTINA DE LAVADORES” DE VIGO. EXPTE. 6585/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado pola xefa do Servizo de Educación, do 8.03.05, o prego de cláusulas administrativas do 20.04.05, asinado

polo xefe de negociado do servizo de Contratación, ambos para a contratación por concurso dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal “Santa Cristina de Lavadores”; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica, do 18.05.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 20.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar os gastos seguintes:

- a) 172.000 euros/ano para a prestación dos servizos de xestión da escola infantil municipal de “Santa Cristina de Lavadores” de Vigo que se imputarán á partida 442.0.227.06.04 do orzamento do ano 2005 e sucesivos
- b) 12.000 euros para a adquisición de material non inventariable necesario para posta en marcha da escola de acordo coa proposta de xestión do licitador que resulte adxudicatario que se imputarán á partida 442.0.227.06.04 e bolsa de vinculación do orzamento do ano 2005.

2º.- Aprobar os pregos de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servizos de xestión da escola infantil municipal de “Santa Cristina de Lavadores” de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

23(586).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DOS SERVICIOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “ATALAIA DE TEIS” DE VIGO. EXPTE. 6584/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado pola xefa do Servizo de Educación, do 8.03.05, o prego de cláusulas administrativas do 20.04.05, asinado polo xefe de negociado do servizo de Contratación, ambos para a contratación por concurso dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal “Atalaia de Teis”; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica, do 18.05.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 20.04.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar os gastos seguintes:

- a) 172.000 euros/ano para a prestación dos servizos de xestión da escola infantil municipal de “Atalaia de Teis” de Vigo que se imputarán á partida 442.0.227.06.08 do orzamento do ano 2005 e sucesivos.

b) 12.000 euros para a adquisición de material non inventariable necesario para posta en marcha da escola de acordo coa proposta de xestión do licitador que resulte adxudicatario que se imputarán á partida 442.0.227.06.08 e bolsa de vinculación do orzamento do ano 2005.

2º.- Aprobar os pregos de condicións administrativas e técnicas para a prestación dos servizos de xestión da escola infantil municipal de “Atalaia de Teis” de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

24(587).-RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA CONTRA A VENDA DUNHA PORCIÓN DE TERREO DO MONTE DE COTOGRANDE A CARZUH S.L. EXPTE. 17214/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 10.05.05, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei do Parlamento de Galicia 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Don Luis Rodríguez Pérez, no seu propio nome, na súa condición de comuneiro, e en nome e representación da Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de Santa Marina de Cabral, na súa calidade de presidente da mesma, formula reclamación administrativa previa á vía xudicial civil, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de febreiro de 2005, solicitando que o Concello declare a nulidade do contrato de compravenda dunha parcela do monte Cotogrande, celebrado polo Concello e a entidade mercantil CARZUH, S. L. en data 9 de xuño de 1967.

Segundo.- O Sr.Rodríguez Pérez manifesta no seu escrito que “a Comunidade de montes vecinais en man común de Cabral é dona do monte denominado Cotogrande, por poseélo os veciños da devandita parroquia dende tempo inmemorial, en réxime de aproveitamento colectivo e sen especial asignación de cuotas, na forma prevista no artigo 1 de Lei do Parlamento de Galicia 13/89, e así foi clasificado ó seu favor por Resolución do Xurado de Montes de Pontevedra, de data 31 de xullo de 1989”. E considera que a parcela enaxada polo Concello á entidade mercantil CARZUH, S. L. forma parte do devandito monte.

Terceiro.- En data 9 de xuño de 1967 o Excmo. Concello de Vigo otorgou escritura pública de compravenda dunha parcela do monte Cotogrande a favor da mercantil CARZUH, S. L. que se describe do seguinte modo:

“terreno a monte nombrado Coto Grande, sito en la parroquia de Santa Marina de Cabral, Municipio de Vigo, de la superficie de diez mil cuatrocientos metros cuadrados, y linda Norte, Este y Oeste, del Excmo. Ayuntamiento de Vigo, o sea del resto de la finca principal de donde se segrega la que se describe, y Sur, con monte de la parroquia de Dornelas, del Ayuntamiento de Mos”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O contrato de compravenda, consonte o artigo 5.3 LCAP, ten natureza xurídica de contrato privado e réxese en canto a súa preparación e adxudicación, polas normas da lexislación patrimonial das Administracións públicas e en canto os seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado (artigo 9 LCAP).

Segundo.- O Sr. Rodríguez. solicita que o Concello proceda a revisión de oficio dun contrato de compravenda. O instituto da revisión de oficio permite que as Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, declararen de oficio a nulidade dos actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artículo 62.1 LRJAP (artigo 102.1 LRJAP). Máis neste suposto o acto cuxa revisión de oficio se solicita non ten natureza xurídica administrativa senón que trátase dun contrato privado, cuos efectos e a súa extinción réxense polas normas do dereito privado, consonte o citado artigo 9 LCAP, polo que esta Administración carece de competencia para declarar unilateralmente a súa nulidade no marco da revisión de oficio.

Terceiro.- O artigo 102.3 autoriza ó órgano competente para a revisión de oficio acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sin necesidade de recabar dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 62 ou carezcan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se houberan desestimado en cuanto ó fondo outras solicitudes sustancialmente iguais.

Cuarto.- Consorte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e a enaxenación do patrimonio.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Inadmitir a reclamación administrativa previa ó exercicio de accións na vía xudicial civil formulada por Don Luis Rodríguez Pérez, no seu propio nome, na súa condición de comuneiro, e en nome e representación da Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de Santa Marina de Cabral”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(588).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN FURGÓN PARA O PARQUE MÓBIL E PROCEDER A CONTRATACIÓN A TRAVÉS DOUTRO PROCEDEMENTO NEGOCIADO. EXPTE. 3229/445.

Con data 4.04.05 a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación da subministración dun vehículo furgón elaborado polo Servizo do Parque Móbil municipal, mediante procedemento de negociado.

Durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, para a presentación de proposicións, presentouse soamente a oferta de Comercial Automoto S.A.

A Mesa de Contratación realizada o 9.05.05 formulou a proposta contida na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

1º.- Declarar deserto o procedemento negociado para a contratación da subministración dun furgón para o Parque Móbil por non se ter admitida a empresa presentada.

2º.- Proceder á contratación da subministración a través de procedemento negociado.

26(589).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE OPAIN S.L. POLA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 1426/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable de Intervención Xeral, do 11.11.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 24.05.04, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Opain, S.L. a fianza de 5.192,96 euros, constituída para responder das obras de rehabilitación do Centro Cívico de Teis, xa que foron recibidas mediante acta de 24.05.04 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

27(590).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO A TRAVÉS DE CONCURSO DE TRASLADOS, DE TÉCNICO MEDIO DE SERVICIOS ECONÓMICOS PARA A INTERVENCIÓN XERAL. EXPTE 100506/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de organización de Persoal, do 24.05.05, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2005, adoptou acordo polo que se aprobaron as bases do concurso de traslados para a cobertura dun posto de técnico medio de servizos económicos, publicadas no Bop de 3 de marzo seguinte.

Que durante o prazo de presentación de solicitudes, presentouse unicamente a solicitude de D^a María Catalina Alfayate Rodríguez.

Con data 4 de maio de 2005, reunida a Comisión de Valoración acordase outorgar á única candidata presentada D^a M^a Catalina Alfayate Rodríguez, funcionaria del cuerpo técnico de Auditoria y Contabilidad, que presta servicios en la Intervención Delegada del Ministerio de Medio Ambiente unha puntuación de 22,6 puntos.

Que unha vez exposta dita puntuación no taboleiro de edictos da Casa do Concello, no se presentaron reclamacións, polo que a Comisión de Valoración eleva a definitiva dita cualificación, proponendo o nomeamento da única aspirante presentada.

Por isto, a vista do anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Nomear a D^a M^a Catalina Alfayate Rodríguez, DNI 09.282.427-H, por sela única aspirante presentada ó concurso de traslados e que obtivo unha puntuación de 22,6 puntos para cubrirlo posto de Técnico medio de Servicios Económicos, na Intervención Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba proposta contida no precedente informe.

28(591).-RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E INSTRUCCIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ANO 2005. Expte. 15732/220.

Antecedentes

I.- Con data 21 de abril, en virtude da Instrucción de Servizo da Alcaldía relativa á confección da nova RPT, o xefe da Unidade de Persoal efectua a seguinte proposta:

Aprobado definitivamente o orzamento e plantilla municipal do exercicio 2005, segundo acordo adoptado polo Pleno da corporación de 28 de febreiro de 2005 (B.O.P. de 14 de marzo de 2005), e de conformidade co disposto nos artigos 15, apartado 1.b) e 16 da Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da función pública, 90.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, 126.4 do RD lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Tefundido de disposicións de réxime local, sométese a consideración da Xunta de goberno local o proxecto de Relación de postos de traballo para o exercicio 2005.

O documento confeccionado incorpora cambios non substanciais referidos a determinadas reubicacións orgánicas de postos base con motivo das readscripcións de postos realizadas dende a derradeira Relación de 2003, así coma outra serie de axustes nas denominacións ou reubicacións departamentais de determinados postos co obxecto de adecualos ao contido das funcións desenvoltas, que non supoñen incremento de gasto verbo do capítulo I aprobado polo Pleno da corporación.

Igualmente, e en estricto cumprimento do acordo plenario de 28.02.05, incorporáanse na Relación de postos os cambios derivados das transformacións de prazas acordadas con motivo da aprobación do orzamento e plantilla municipal de 2005.

Dito isto, procedemos de seguido a relacionar os cambios organizativos propostos a instancia dos órganos de dirección municipais competentes ;

- I) *Incorporáronse todas as adecuacións orgánicas derivadas das derredeiras readscripcións de efectivos e traslados producidos por resolucións dos órganos municipais competentes dende a aprobación da anterior R.P.T., aprobada por acordo do Pleno da corporación de 14 de xaneiro de 2003, vixente ata a data.*
- II) *Adscribiuse ao Gabinete da Alcaldía Presidencia un posto de Técnico de sistemas, actualmente adscrito no servizo de informática, que se redenominaaría “ coordinador de sistemas de información e web municipal “ tal e coma se dispuxo na instrucción de servizo da Alcaldía de data 10 de marzo de 2005.*
- III) *Procedeuse ao cambio de denominación do posto “ Xefe servizo novos proxectos “ actualmente adscrito á Primeira Tenencia da Alcaldía – Unidade de novos proxectos, pasando a denominarse “ Xefe area contratación e novos proxectos, reubicándose organizativamente no servizo de Patrimonio e contratación, todo elo an atención á proposta do Concelleiro delegado de patrimonio e facenda de data 23.03.05 .*
- IV) *En consecuencia co apartado precedente e ao asumir o anterior posto as máximas funcións técnicas do servizo de contratación, amortizouse a xefatura de contratación actualmente vacante, procedéndose á creación dun posto base de Técnico de Admón. xeral no referido servizo.*
- V) *Co obxecto de adecua-la denominación do posto ás funcións reais que desenvolve, procedeuse a cambia-la denominación dun posto de xefe de negociado de Patrimonio en Xefe de negociado de Contratación, segundo a proposta do devandito Concelleiro delegado, anteriormente mencionada.*
- VI) *En cumprimento das previsións organizativas e funcionais que a lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local lle reserva aos funcionarios de habilitación nacional na Disposición transitoria quinta desta lei, procedeuse á redeminación do posto “ secretario xeral adxunto “ en “ secretario do goberno local “ .*
- VII) *Redenominouse asemade o posto adscrito ao servizo de Intervención “ xefe servizo inversións “ por “ Director area inversións “, segundo petición verbal da intervención xeral .*
- VIII) *En atención á solicitude do concelleiro delegado de urbanismo de data 26 de novembro de 2004, redenomináronse os seguintes postos de traballo : “ Xefe servizo intervención urbanística “, “ xefe servizo planeamento e xestión “ e “ Xefe negociado intervención urbanística “ en “ Director da area de intervención urbanística “, “ Director da area de planeamento e xestión “ e “ xefatura negociado licenza de obras “ .*
- IX) *Reconvertiuse o posto de “ Xefe servizo participación cidadá “ en “ Xefe servizo de participación e atención cidadá “, amortizándose en consecuencia a xefatura da unidade de atención cidadá. Como consecuencia desta última amortización, creouse un posto base de técnico de xestión no devandito servizo, todo elo segundo instruccións da Concellería delegada da area de 11 de abril de 2005.*
- X) *En cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de goberno local de 14 .02.05, polo que se creou a Oficina de supervisión de proxectos e inspección técnica de obras, incluíronse os postos referidos no devandito acordo na nova R.P.T.*
- XI) *Adecuáronse as denominacións dos distintos postos da area de mobilidade e seguridade – anteriormente denominada area de seguridade, circulación e transportes - á esta última denominación de area.*
- XII) *Configurouse un posto de nova creación “ Director do Verbum / arquivo Pacheco “, en cumprimento da Instrucción da Alcaldía de 18 de abril de 2005.*
- XIII) *Asemade, incorporáronse na R.P.T. os cambios organizativos que se relacionaban na Instrucción da Alcaldía de 4 de xaneiro de 2004 sobre elaboración do orzamento de 2005.*

O proxecto de R.P.T. deberá ser sometido con carácter previo a súa aprobación a consideración dos representantes sindicais.

En consecuencia, e de conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei reguladora de bases de réxime local, confeccionase para consideración e no seu caso aprobación pola a Xunta de goberno local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral, a seguinte proposta :

“ Aproba-la relación de postos de traballo e instrucións de plantilla do ano 2005 do persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, e o cadro de retribucións complementarias asignadas aos correspondentes postos de traballo

Dese publicación oficial ao presente acordo xunto coa correspondente Relación de postos de traballo “.

II.- Con data 20 de maio a Alcaldía dicta unha nova Instrucción de Servizo co seguinte contido:

Aprobado polo Pleno da corporación o orzamento e cadro de persoal municipal do exercicio de 2005 na súa sesión de 28 de febreiro de 2005, e ao obxecto de cofecciona-la Relación de postos de traballo para o presente ano, díctanse as presentes instrucións de servizo, complementaria da de 22 de abril de 2005, que conteñen os cambios reorganizativos necesarios para adecua-lo deseño da vindeira Relación de postos á situación organizativa actual, todo elo no exercicio das competencias de dirección atribuídas á Alcaldía Presidencia no artigo 124.4.j) da Lei Reguladora das bases de Réxime Local ;

- I) Co obxecto de adecua-la denominación dos postos ás funcións reais que desenvolven os titulares dos mesmos, procédase a cambia-la denominación de dous postos de oficial de servizos internos en dous postos de oficial conductor-xestor de flota e oficial conductor-xestor de acopios e custos, sen que impliquen modificación retributiva ningunha.*
- II) Configúrese un posto de nova creación de nivel 30 de complemento de destino, denominado “ Interventor adxunto “ , reservado á habilitados nacionais da subescala Intervención Tesourería clase 1ª categoría superior, a proveer polo sistema de libre designación.*

Os cambios derivados da red denominación dos postos anteriormente referidos nesta instrucción non comportarán incrementos retributivos respecto do documento presupostario aprobado polo Pleno da corporación.

III.- En relación coa Instrucción de servizo anterior o técnico de Organización do Concello e a xefa da Área de Réxime Interior emiten o seguinte informe:

Con data 21 de abril de 2005, o xefe da Unidade de Pesoal formulou proposta de aprobación da relación de postos de traballo e instrucións de plantilla e o cadro de retribucións complementarias asignadas ós correspondentes postos de traballo, de conformidade coa instrucción da Alcaldía-Presidencia de 22 de abril.

Con posterioridade a Alcaldía-Presidencia dictou nova instrucción de data 20 de maio, ós efectos de incluír as seguintes modificacións:

- I) Co obxecto de adecua-la denominación dos postos ás funcións reais que desenvolven os titulares dos mesmos, procédase a cambia-la denominación de dous postos de oficial de servizos internos en dous postos de oficial conductor-xestor de flota e oficial conductor-xestor de acopios e custos, sen que impliquen modificación retributiva ningunha.*

- II) *Configúrese un posto de nova creación de nivel 30 de complemento de destino, denominado “Interventor adxunto”, reservado á habilitados nacionais da subescala Intervención-Tesourería, clase 1ª categoría superior, a proveer polo sistema de libre designación.*

En consecuencia procede adoptar acordo que consta no informe-proposta de data 21 de abril de 2005 coas modificacións derivadas da indicada instrucción de 20 de maio actual.

IV.- Con data de 26 de maio, o secretario xeral do Pleno do Concello, a pedimento da Alcaldía, emite o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

-LBRL, Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-LMRFP, Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

-TRRL, Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

-R.D. 1732/1994, de 29 de xullo, de Provisión de Postos de Traballo de Funcionarios con Habilitación Nacional.

ANTECEDENTES:

O Pleno da Corporación en sesión de data 28.02.2005 aprobou definitivamente o orzamento xeral do Concello para a anualidade do 2005 e o cadro de persoal en donde consta un posto de traballo denominado “Titular da Unidade de Xestión de Contabilidade”.

Na Relación de Postos de Traballo confeccionada e pendente de aprobación pola Xunta de Goberno Local o posto citado modifícase denominándose “Interventor Adxunto”.

Solicítase pola Alcaldía en data de 24 de maio de 2005 informe xurídico sobre a conformidade a dereito da modificación proposta. En cumprimento da preceptividade desa orde e ó abeiro do sinalado no art. 122.5.e.1º da LBRL emítese o seguinte

INFORME.-

O art. 134 da 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, introducido pola Lei de Medidas para a Modernización do Goberno Local (Lei 57/2003) advirte que: “As funcións de presupostación, contabilidade, tesourería e recadación serán exercidas polo órgano ou órganos que se determinen no Regulamento Orgánico Municipal”.

- *As edicións de periódicos, revistas, folletos e carteis de signo exclusivamente propagandístico para a asociación solicitante.*
- *As actividades propias de entidades de carácter político e doctrinal de signo partidario ou confesional.*
- *As actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello.*
- *As actividades que procuren algún tipo de lucro para os seus promotores.*
- *Os gastos xerais das entidades relativos á xestión, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamentos, mantemento e aluguer do local social.*
- *As actividades que supoñan unha discriminación por razóns de raza, sexo, lingua ou relixión.*
- *As entidades con ánimo de lucro.*
- *As seccións xuvenís doutras asociacións.*
- *As administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou presupostariamente.*
- *As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.*

Artigo 5. Baremo e criterios de valoración.

a) *As solicitudes poderán desestimarse con base a:*

- *Que a entidade solicitante e o proxecto de programación teña unha relación máis específica con outras áreas ou departamentos do Concello de Vigo.*
- *Que o proxecto inclúa os gastos xerais das entidades relativos á administración, xestión, funcionamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugamento do local social.*
- *Que a solicitude se presente fora do prazo estipulado nas presentes bases, calquera que sexa a causa do retraso.*
- *Que a entidade non presente a documentación requerida e nos prazos estipulados nas presentes bases, ou non cumpra os requisitos exixidos.*
- *Que se considere que o proxecto non reúne unhas condicións mínimas de interese.*

b) *Para a concesión de subvención analizaranse os proxectos de programas de actividades ou publicacións en base ós seguintes criterios e puntuaranse ata un máximo de 5 puntos cada un deles:*

- *Calidade do proxecto e adecuación ós obxectivos recollidos nas bases.*
- *Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector e número de poboación beneficiaria, interese xuvenil e incorporación de actividades innovadoras.*
- *Formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas dos solicitantes, patrocinios, valorándose o maior investimento de recursos propios do solicitante nos proxectos presentados.*
- *Antigüidade e posibilidades de continuidade do programa ou actividade en anos sucesivos.*
- *Os resultados obtidos polos solicitantes en anteriores subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Restaránse tres puntos ás entidades que non tivesen xustificada a subvención relativa á convocatoria do exercicio anterior.*

Artigo 6. Financiamento da convocatoria.

Os órganos municipais de goberno establecen as cuantías anuais para adicar ás subvencións con cargo ás partidas de xuventude. A contía establecida para o exercicio 2005 ascende a 6.010,12 €. As subvencións concedidas non excederán, en ningún caso, o 50% do custo total da actividade para a que se solicita a subvención.

Artigo 7. Presentación das solicitudes, prazo e documentación.

7.1. A instancia de solicitude estará dirixida á Ilma. Sra. Alcaldesa e se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

Durante todo este peiodo e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrecia, as bases serán publicadas nos medios de comunicación local e atoparánse expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e no Rexistro Xeral.

7.2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

7.3. A cada exemplar de instancia de solicitude cuberta en todos os modelos que figuran no Anexo I(Solicitude, proxecto de programación e ficha xeral da entidade) deberá achegarse a seguinte documentación:

- 1) Solicitude de subvención dirixida á Ilma. Sra. Alcaldesa, segundo modelo adxunto no Anexo I.
- 2) Ficha de datos asociativos segundo modelo adxunto no Anexo I.
- 3) Proxecto-programa de actividades con orzamento detallado de ingresos e gastos asinado polo presidente ou secretario da entidade segundo modelo anexo I.
- 4) Memoria das actividades realizadas no ano anterior que indique nº de socios a 31 de decembro de 2004, o organigrama da entidade, asinado polo presidente ou secretario da entidade, segundo anexo II.
- 5) Fotocopia compulsada do CIF da asociación.
- 6) Fotocopia compulsada do NIF do solicitante.
- 7) Certificación bancaria do número de conta que incluíra o/a titular e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.
- 8) Balance económico de gastos e ingresos no ano 2004 asinado polo presidente ou secretario da entidade, segundo anexo III.
- 9) Certificado de estar o corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e Axencia estatal de administración tributaria.

A presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

Artigo 8. Tramitación, procedemento de concesión e xestión das subvencións.

- A instrucción do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle o Departamento de Xuventude.
- Recibidas as solicitudes, procederáse o estudo destas e da documentación. Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúne os requisitos esixidos o/a interesado/a será

requerido para que no prazo de dez días, a contar dende a recepción da notificación oficial, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se desestimará a súa solicitude que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

- Rematada a instrucción do expediente, éste será remitido a Comisión de avaliación, integrada pola Concelleira delegada de Xuventude que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Xuventude e o asesor xurídico da área.
- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes e segundo, valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido nas presentes bases.
- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local por proposta da Comisión de avaliación da Concellería de Xuventude.

Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados a:

- 9.1 Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 9.2 Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- 9.3 Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento de actividades.
- 9.4 Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.
- 9.5 Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
- 9.6 Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- 9.7 Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.
- 9.8 Someterse o seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Xuventude, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
- 9.9 Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- 9.10 Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.
- 9.11 A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Xuventude estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

Artigo 10. Compatibilidade

A concesión de subvencións ó abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

Artigo 11. pagamento e xustificación

11.1. Para proceder ó trámite do abono das cantidades concedidas, as entidades subvencionadas deberán xustificar documentalmente o cumprimento dos requisitos así como a realización da actividade e finalidade que determinou a concesión cos gastos realizados, antes do trinta de novembro de dous mil cinco.

11.2.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa:

- a) *Solicitud de liquidación da subvención concedida.*
- b) *Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
 - *Datos sobre os participantes na actividade: número, perfil, etc.*
 - *Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.*
 - *Memoria de prensa.*
 - *Relación detallada de ingresos e gastos.*
- c) *Balance económico das actividades:*
 - Gastos:*
 - *Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.*
 - *Os efectos do pago da subvención polo Concello consideraranse gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquer documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.*
 - Ingresos:*
 - *Detalle das contías ingresadas por todos os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.*
- d) *Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*
- e) *Calquera outro que sexa solicitado polo Concello.*

11.3.- Procedera, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia da Concelleira Delegada de Xuventude. Asemade, reduciráse a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores a os subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores a os previstos

Artigo 12. Revogación, renuncia, reintegro e réxime sancionador:

12.1.- *Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

- a) *Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*
- b) *A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

12.2.- *O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*

12.3.- *Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*

12.4.- *Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Artigo 13. Publicidade

As subvencións concedidas publicaránse no Boletín Oficial da provincia, se o importe da subvención individualmente considerado, supera os 3.0 ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresaráse o beneficiario a cantidade concedida e a finalidade da subvención. Así mesmo, se publicarán as presentes bases nos taboleiros do Concello de Vigo e na web www.vigo.org.

Artigo 14. Seguimento, control e inspección

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

Artigo 15.- Outros requisitos

Para os/as solicitantes de subvencións para publicacións, deberán cumprir, ademáis dos anteriores, os seguintes requisitos:

- a) *As publicacións subvencionadas non poderán ter carácter de boletín interno da asociación.*
- b) *Presentar un proxecto editorial que incluíra os datos dos/as responsables da redacción-edición, o detalle das seccións, o número de páxinas, as características do formato, as cores do papel e tintas de impresión, a tirada, o sistema de distribución e o plan de financiación.*
- c) *As publicacións subvencionadas disporán de depósito legal, e os/as editores/as, presentarán á Concellería de Xuventude as probas de imprenta para a conformidade.*
- d) *A Concellería de Xuventude, reservarase a contratación de cada publicación para a inclusión de textos ou ilustracións que considere oportuno.*
- e) *A Concellería de Xuventude poderá adquirir un número de exemplares determinado previamente.*

Artigo 16. Disposicións Finais

16.1 O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

16.2 En todo aquilo non previsto na presente convocatoria respetarase o establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

33(596).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN URUGUAYOS POR EL MUNDO E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA NOITES VIVAS. EXPTE.1337/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.05.05 e de acordo co informe-proposta da Xefa do Servizo de Xuventude, do 03.05.05, conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e pola interventora xeneral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega no expediente entre a Asociación Uruguayos por el Mundo e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento dun obradoiro de percusión dentro do programa Noites Vivas, , ata o mes de maio do presente ano.

2º.- Aprobar o gasto de 800 € correspondente ao importe deste convenio, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

3º.- Librar a cantidade de 800 € á Asociación de Uruguayos por el Mundo correspondentes importe total do convenio á finalización da actividade obxecto do mesmo, previa certificación de que a actividade foi realizada.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2005

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.Jorge Javier Burgos Ribas con D.N.I. 36.177.681 S, como presidente da ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO, C.I.F G-36.921.914

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.

A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.

Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo para o desenvolvemento de actividades culturais e de ocupación do ocio e tempo libre dirixidas ó colectivo.

Así e no caso concreto da ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO , é esta asociación , a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas dedenvolvendo unha actividade que provén da súa tradición cultural, como é o CANDOMBE, ritmo provinte de Africa que se desenvolve con tambores.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO na cidade, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de maio do 2005.

B.- Que a ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” na zona de influencia da ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO que se incorpora a este convenio como ANEXO I

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 800 € á ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO, con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á

conta corrente número 2096 0689 91 3217043404 de Caja España, á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.- A ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias, así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade.

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación de Uruguayos por el Mundo serán os encargados do seguimento da execución do convenio, sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A ASOCIACIÓN DE URUGUAYOS POR EL MUNDO asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación existida na cláusula terceira e sexta do presente convenio.

c.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor, e demais gastos derivados das actividades.

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.

5.- A asociación comprométese ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de maio do 2005.

34(597).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
CORDOBA ARDAO MANUEL	0515024	102,90	102,90		
EGEA TORRON PILAR	0517546	850,00	525,44	324,56	
“	0517545	209,45	209,45		
“	0517550	400,00	400,00		

GOMEZ GARCIA CRISTINA	0504493	2.000,00	1.000,00	1.000,00	
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO J.	0516237	140,00	140,00		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0459465	200,00	113,80	86,20	
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0502937	566,88	136,44	430,44	
“	0503408	6.500,00	2.173,05	4.326,95	
“	0507404	300,00	0,00	300,00	
RIESGO BOLUDA JOSE	0517609	94,12	94,12		
SANCHEZ BARREIRO CARMEN	0517542	550,00	390,94	159,06	
“	0517544	18,33	18,33		
SANLUIS COSTAS AVELINO	0504307	800,00	780,77	19,23	
THOMAS BERBEN MARIA JOSE	0459868	1.320,00	1.250,00	70,00	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0501142	6.000,00	6.000,00		
TOTAL			13.335,24		

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ABALDE POSADA OLGA	0513090	100,00	100,00		
“	0513101	593,04	439,70	153,34	
DOMINGUEZ LOPEZ GUILLERMO	0512504	172,79	113,89	58,90	
“	0512505	241,00	221,00	20,00	
EGEA TORRON PILAR	0519521	132,22	132,22		
“	0519522	200,00	0,00	200,00	
ESPADA RECAREY LUIS	0513255	1.000,00	1.000,81		0,81
GOMEZ GARCIA CRISTINA	0504309	650,00	34,80	615,20	
“	0504312	3.900,00	2.102,14	1.797,86	
“	0521030	600,00	283,53	316,47	
GOMEZ OURO BEATRIZ	0504048	1.671,60	1.150,00	521,60	
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0520229	200,00	157,94	42,06	
“	0520231	18,33	18,33		
RIESGO BOLUDA JOSE	0519457	146,44	144,44	2,00	
“	0519458	52,29	52,29		
ROCHA PARAMES CESAREO	0515010	300,00	298,61	1,39	
“	0519523	200,00	97,57	102,43	
“	0519524	99,77	99,77		
SANLUIS COSTAS AVELINO	0517610	5.101,10	5.101,10		
“	0514838	3.000,00	3.000,00		
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0502944	2.250,00	2.247,20	2,80	
SOTELO RODRIGUEZ JOSE ANTONIO	0504831	500,00	53,10	446,90	
“	0503292	3.000,00	2.608,86	391,14	
SOUTO GONZALEZ MARTA	0521032	120,00	120,00		
SUAREZ SANCHEZ BENJAMIN	0516008	234,00	0,00	234,00	
“	0516009	113,89	0,00	113,89	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
THOMAS BERBEN MARIA JOSE	0502428	190,00	163,44	26,56	
“	0502427	36,66	18,33	18,33	
			19.759,07		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

35(598).- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO OPERARIOS-PEÓNS E DOUS OFICIAIS PAVIMENTADORES POR UN PERÍODO DE TRES MESES PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 15792/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 27.05.05, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 20 de maio de 2004 asinouse un convenio de colaboración entre a Excm. Diputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, sobre cooperación económica, para o financiamento de diversas obras de pavimentado en rúas e camiños da cidade.

Con data 30 de setembro de 2004, o coordinador dos servicios xerais deste Concello solicitou a contratación de seis operarios pavimentadores-obras públicas, xa que o Servicio de Vías e Obras conta con unha dotación mínima insuficiente de persoal , o que leva a que nesta situación non sexa posible atender ás obras de asfaltado de camiños públicos a realizar baixo o referido convenio.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 18 de outubro de 2004 acordou a contratación de dous operarios-peóns que formaban parte da lista de substitucións prevista nas bases da derradeira oferta de emprego público, toda vez que os catro restantes renunciaron por escrito a formaliza-la contratación proposta.

Toda vez que a lista atopábase esgotada, no referido acordo, autorizouse o pertinente proceso selectivo para proceder a contratación dos catro operarios restantes, que unha vez seleccionados pola correspondente comisión de valoración, foron contratados por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de novembro de 2005, con efectos de 18 de novembro de 2004, ata o 17 de febreiro de 2005.

Con data 10 de xaneiro de 2005, o coordinador dos servicios xerais deste Concello, propuxo a prórroga dos referidos contratos por continuar as mesmas circunstancias que se deron para a contratación e, dado que o contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, permite unha duración máxima de seis meses, con carácter improrrogable, e existindo consignación presupostaria suficiente para facer fronte o gasto, segundo informe da Intervención de data 14 de xaneiro de 2005, a Alcaldía dictou resolución pola que se procedeu a prórroga dos contratos dos seis operarios por outros tres meses improrrogables, rematando os mesmos con data 17 de maio pasado.

Con data 10 e 18 de xaneiro de 2005, o coordinador dos servicios xerais deste concello solicitou a contratatación de seis novos operarios pavimentadores para reforza-las brigadas de pavimentación, toda vez que a Deputación acaba de aportar máis maquinaria para reducir o prazo de execución das obras.

A Xunta Local de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 14 de febreiro de 2005, acordou a contratación de D. Antonio Callejo Conde, NIF 36.131.616-L, D. Cándido Agrafojo Bastón, NIF 36.086.304-V e D. Fernando J. Araujo Casal, NIF 36.081.022-W, como Operarios-peóns, por un periodo de tres meses, formalizándoseles o correspondente contrato de traballo con data 1 de marzo de 2005 ata o vindeiro día 31 de maio de 2005, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 272/98, de 18 de decembro, modelo de contratación que establece un prazo contractual máximo de seis meses. No referido acordo tamen figuraba D. Eduardo Sampedro Lustres, NIF 36.062.270-H, que renunciou con data 3 de marzo de 2005 a proposta de contratación.

Asi mesmo, no referido acordo, autorizouse o pertinente proceso selectivo para proceder a contratación dos operarios restantes, que unha vez seleccionados pola correspondente comisión de valoración, foron contratados por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 16 de novembro de 2005, D. Diego Jiménez Romero, NIF 35.575.298-W, D^a. Emilia Costas Alonso, NIF 36.124.858-T e, D^a. M^a. Nieves Quinteiro Vázquez, NIF 36.104.561-M, con efectos de 16 de marzo de 2005, ata o vindeiro 15 de xuño de 2005.

Con data 27 de abril de 2005, o coordinador dos servicios xerais deste Concello, en base o referido Convenio, o co obxecto de seguir dando apoio á nova maquinaria aportada pola Deputación Provincial e, para reducir o prazo de execución das obras, solicita a contratatación de catro novos operarios e dous oficiais pavimentadores, por un periodo máximo de seis meses.

Na acta de data 8 de marzo de 2005, da Comisión de Valoración encargada da selección dos operarios anteriormente contratados, figuran D. Serafín Gómez Abad, NIF 36.038.085-Y, D. Jesús A. Conde Cameselle, NIF 36.094.769-H, D. Daniel Carrilho Pena Cardoso, NIF X-6194972-Z e D. Jaime Pérez Alonso, NIF 36.133.346-R, aspirantes que superaron a proba de que constou a oposición e que obtiveron os postos nºs 4º,5º,6º e 7º respectivamente.

Nembargantes na derradeira oferta de emprego público executada non se ofertou ningunha praza de oficial pavimentador, polo que non existe lista de substitucións que poida ser utilizada para a contratación dos dous oficiais pavimentadores, polo que resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo elo, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:..”

Conclúe o informe formulando a proposta contida no precedente informe. Consta no expediente o informe de Intervención Xeral do 30.05.05.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Contratar como operarios-peóns por un período de tres meses, a D. Serafín Gómez Abad, NIF 36.038.085-Y, D. Jesús A. Conde Cameselle, NIF 36.094.769-H, D. Daniel Carrilho Pena

Cardoso, NIF X-6194972-Z e D. Jaime Pérez Alonso, NIF 36.133.346-R., aspirantes que superaron a proba de que constou a oposición e que obtiveron os postos nºs 4º, 5º, 6º, e 7º respectivamente, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender ditas esixencias circunstanciais, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

2º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos oito candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Graduado Escolar, PP-1 ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de viais.

3º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do servizo de Vías e Obras, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña dous candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obtén un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

4º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

36(599).-ADXUDICACIÓN DE DOCE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA-PERÍODO ESTIVAL 2005. Expte. 1612/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acta do 20.05.05 da comisión de avaliación de méritos para a concesión de doce bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información e servizos turísticos e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, conformado pola concelleira delegada de Turismo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar as doce bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información turística municipal, ós/ás aspirantes que foron admitidos/as a esta convocatoria e que acadaron maior puntuación. Por orde de puntuación son:

APELIDOS E NOME	PUNTUACION	DNI
1. Burdeos Quintana, Ramón	8,15 puntos	44.448.596 S
2. Ciges Regueiro, Pilar	7,50	36.154.081 J
3. Garnil García, Silvia	6,70	53.175.473 W
4. Sacarrera López, Ana	5,50	36.155.159 X
APELIDOS E NOME	PUNTUACION	DNI
5. Barreiro Costas, Iria	4,80	36.171.270 K
6. Iglesias Pérez, Rosana	4,00	35.571.950 N
7. Martínez Nieves, Isabel	3,50	36.107.552 J
8. Barreira Fidalgo, Natalia	3,40	36.157.165 S
9. Franco Rodríguez, Rocío	1,85	35.571.503 W
10. Costas Collazo, Patricia	1,85	77.001.770 R
11. Rodríguez Vidal, Lucía	1,70	53.116.488 N
12.-Correja Codeseira, Ana Belén	1,30	36.154.869 L

2º.- Declárase como lista de suplentes a seguinte:

1.- Alvarez Alvarez, Carmen Susana	0,90
2.- Rodríguez Ponte, Carla	0,15

3º.- Aprobar o gasto de 36.000 €, para facer fronte ós 3.000€ por cada unha das doce bolsas adxudicadas a cada un/unha dos/das aspirantes designados/as como titulares, con cargo á partida 7510 48 10000, “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor.

4º.- Aprobar o gasto de 600 €, para facer fronte aos seguros individuais que a Concellería subscribirá para cada unha das becarias, con cargo á partida 7510 2240000, “Primas de Seguros”, do presuposto actualmente en vigor.

37(600).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A XESTIÓN DAS LUDOTECAS DE COIA E CASA DA XUVENTUDE. Expte. 1285/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

Con data 4.04.05 a Xunta de Goberno aproba o expediente de contratación do servizo das ludotecas da Casa da Xuventude e Coia.

Durante o prazo sinalado non anuncios publicados no DOG nº 75 e no BOP nº 77 de datas 20 e 22 de abril do presente ano respectivamente, presentáronse as seguintes proposicións: 1.-Pasatempos S. Coop Galega, 2.- Eulen S.A., 3.- Tasoga S.L. e 4.- Rodolfo Zambrana Fariña.

Con data 9.05.05 a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación presentada, admitíndo as propostas e pasándoas a informe de valoración do Servizo de Xuventude.

A xefa do Servizo de Xuventude emite dito informe o 19.05.05, no que fai contar que “proponse a adxudicación da xestión dos Servizos de Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia (lote I e II) á empresa TASOGA S.L., por un importe total de 56.440 € para cada un dos lotes, por ser a oferta máis ventaxosa para os intereses municipais”.

A Mesa de Contratación en sesión do 23.05.05, visto o devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Tasoga S.L. os lotes 1 e 2 do concurso para a xestión das ludotecas da Casa da Xuventude (lote 1) e de Coia (lote 2) por un importe anual para cada un dos lotes de 56.440 €. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno local de 4.04.05 e a oferta presentada.

38(601).-PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO BORDE MARÍTIMO DO MONTE DA GUÍA T.M. DE VIGO (PONTEVEDRA). EXPTE. 2423/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinada as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, do 27.05.05, que di o seguinte:

Con data 2 de marzo de 2002, o Ministerio de Medio Ambiente, Servizo Provincial de costas, presenta no Rexistro Xeral, doc. 40021622 o proxecto de "Acondicionamento do Borde Marítimo do Monte da Guía. T.M. de Vigo (Pontevedra)" para a súa publicación no "Faro de Vigo" e no Boletín Oficial da Provincia e unha vez publicado remítilo novamente o Servizo Provincial de Costas coa seguinte documentación:

- Aprobación polo Pleno Municipal.
- Certificación de dispoñibilidade dos terreos necesarios para execución da obra que serán incorporados ó dominio-público terrestre
- Compromiso de conservación das obras.
- Recoñecemento expreso de que tal como establece o art. 111.3 da Lei de Costas, a obra esté exenta do abono das taxas pola expedición de licenza exisibile con arranxo a lexislación urbanística.

Con data 16 de marzo de 2004, remítese o devandito proxecto a Xerencia Municipal de Urbanismo para que emitan informe técnico e certifiquen a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra, que serán incorporados ó dominio público marítimo-terrestre.

Con data 3 de maio de 2004, o arquitecto municipal emite o seguinte informe:

"A petición verbal do Sr. Xefe dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo emítese este informe relativo ó Proxecto de acondicionamento do borde marítimo do monte da Guía, no tocante ó planeamento urbanístico.

O proxecto que se informa ten data de abril de 2002 está redactado pola consultora ICECSA, e asinado polo enxeñeiro director de proxecto D. Xoán Novoa Rodríguez, constando o cuño do Ministerio de Medio ambiente, Dirección Xeral de Costas, Servicio de Costas de Pontevedra.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

Segundo o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, vixente por aprobación definitiva do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de abril de 2003 (DOG 10.05.2003), os terreos sobre os que se desenvolve O Proxecto de referencia, teñen a seguinte clasificación e cualificación do solo:

CLASE DO SOLO: SOLO URBANO, coa ordenación remitida a planeamento secundario, segundo a seguinte ficha de características:

FICHA DE AREA REMITIDA A PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN

DENOMINACIÓN: PEP IV-14 DO MONTE DA GUÍA

SITUACIÓN: Monte da Guía, Planos: 19-18, 18-19, 19-20 e 19-19

OBXECTIVOS:- Ordenación das zonas verdes e ampliación do parque

-Tratamento do litoral

-Remate dos bordes dos núcleos perimetrais

SUPERFICIES: 318.517 M2

Edificabilidade media: 0,05 m2/m2

CRITERIOS DE ORDENACIÓN:

- Preservación e mellora dos valores do actual parque da Guía e ampliación que se plantexa.
- Obtención e xestión de terreos para ampliación do actual parque en especial nas zonas de borde entre o mesmo e o litoral.
- Remate de ordenación dos bordes dos núcleos que limitan o parque con tipoloxías semellantes ás existentes.

AFECCIÓNS DE LIXISLACIÓN SECTORIAL.-

Os terreos nos que se desenvolve o Proxecto atópanse, nunha prte aproximadamente de 160 metros de lonxitude, na zona de A Lagoa (Ó Sur do trazado do camiño), dentro da zona de servidume da Lei de costas.

A zona de dominio público neste tramo de costa foi desafectada da súa condición de zona de servizo portuario por O.M. de 6 de xuño de 2003. O Proxecto ten un desvío de baixada peatonal á Praia da Lagoa, que entra nesta zona, así como dúas escaleiras de madeira de baixada á costa.

O paseo tamén transcorre nuns 130 metros pola zona de protección do Xacemento arqueolóxico GA 36057001 CASTRO MONTE DA GUÍA.

COHERENCIA DO PROXECTO CO PEP DO MONTE DA GUÍA.-

No ano 1998, o Concello de Vigo iniciou o expediente de contratación da asistencia técnica para a redacción do planeamento secundario previsto no Plan Xeral, mediante concurso público que foi adxudicado ó equipo constituído polos arquitectos D. José Ramón Gago Alonso, D. José Manuel Alonso Ogando, D. Enrique Urdiales de Santiago, e D. Jesús Irisarri Castro, e o enxeñeiro técnico agrícola, técnico en medio ambiente D. Carlos Urdiales Alonso, asinándose o contrato o 9.11.98.

O Plan Especial de protección (PEP) do Monte da Guía, redactado polo equipo que se citou (Expediente 6116/411) aínda non acadou ningunha aprobación municipal, maila que xa foi informado polas Demarcación de Costas do Estado e da Xunta de Galicia, así como pola Delegación de Cultura da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. A documentación está pendente de correccións derivadas, en parte, daqueles informes, así como de outras solicitadas polos servizos técnico municipais, encamiñadas, principalmente a definir con claridade o parcelario existente, e a modalidade da xestión do Plan.

No que se refire ó ámbito do Proxecto que se informa, a documentación presentada do PEP Monte da Guía (repetimos: carente de ningunha aprobación), propón, para o paseo que se inclúe no Proxecto, un camiño con carácter de "camiño peatonal", e non de vial de tráfico rodado, nin de tráfico mixto-restrinxido, segundo figura nos planos P-1a e P-1b. Así mesmo no PEP existe un Plano P-04 denominado DETALLES DE VIARIO, no que figuran unhas seccións e materiais en certo modo diferentes das utilizadas no Proxecto que presenta o Ministerio.

O Proxecto de paseo, que no que se refire á praza- miradoiro na zona do faro, nas escaleiras de baixada ás praias, ou na rexeneración da masa vexetal é acorde coas previsións do PEP, inclúe, tamén, un carril de tráfico de 3 metros de anchura paralelo a todo o paseo, aínda que se especifica que sería só para vehículos de mantemento e regulado mediante bolardos extraíbles.

Igualmente o Proxecto contempla unha zona de aparcamento de vehículos, de 90 metros liñais, que non se axustan á proposta do PEP, que propoñía dúas zonas de aparcamento, unha no actual campo de fútbol, e outra xunto á Lagoa.

Tamén difire do PEP, a solución que o Proxecto da ó "desdobramento do Paseo na zona de Lagoa, cunha baixada, ó parecer de carácter peatonal, á praia.

Polas anteriores razóns no se pode asegurar que o Proxecto de paseo presentado polo Ministerio de Medio Ambiente sexa un desenvolvemento ó 100% do Plan especial nin do Anteprojecto de paseo redactado tamén polo Concello, no ano 2.000, que se cita na páxina 2 da Memoria do proxecto agora exposto ó público.

Hai que considerar, sen embargo, que o anteprojecto do ano 2000 redactado polos mesmos técnicos do Plan Especial, por encargo do Concello, tamén posibilitaban un certo tráfico restrinxido, a lo mesmo de forma provisional e en tñodo caso para posibles emerxencias, acompañando o paseo prioritariamente peatonal, polo que non parece que o Proxecto sexa incompatible.

En todo caso, e dado que o Plan especial non está aprobado, de aprobarse o proxecto de paseo tal como se presenta, debería corrixirse o Plan Especial para non presentar contradicións entre ambos documentos.

O Proxecto non fai mención expresa na súa Memoria do cumprimento da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, nin das solucións adoptadas para lles dar cumprimento, o que debe esixirse segundo o disposto na devandita Lei e o seu Regulamento (Decreto 35/2000).

CONCLUSIÓNS.-

O Proxecto de Paseo, cuns obxectivos básicamente encadrables nos criterios que o Plan Xeral establece para o ámbito de Plan Espcial de Protección do monte da Guía, non desenvolve puntualmente todas as determinacións do proxecto de PEP en tramitación, pero carente de ningunha aprobación municipal. En todo caso ambos documentos (Proxecto de PEP e Proxecto de Paseo) deberían coordinarse en canto a tratamento de materiais, carácter peatonal con tráfico restrinxido unicamente para emerxencias e salvamento, posibilidade de aparcamentos, e conveniencia de carril de baixada á Praia da Lagao.

En canto ó tramo do proxecto que transcorre pola zona de servidume de costa deberá solicitarse a autorización do Servicio de Costas da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na Lei 22/1988 d Costas e o seu Regulamento RD 1471/1989, tendo en conta as sentencias do Tribunal Constitucional 149/1991 e 198/1991.

Por último, en relación coa Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, por cautela do xacemento arqueolóxico GA 36057001 CASTRO DA GUIA, e en virtude do disposto no artigo 3.3.3.1 da normativa do Plan Xeral, deberá requirirse, previmente á aprobación do Proxecto, informe da Concellería delgada de Patrimonio Histórico, e da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia sobre este aspecto.

Deberá esixirse a xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de 20 de agosjto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, e o seu Regulamento (Decreto 35/2000)".

Con datas 2/07/2004 e 7/07/2004 publicouse o anuncio de exposición pública no "Faro de Vigo" e no "Boletín Oficial da Provincia, respectivamente.

Con data 28/07/2004, dona Patricia Fernández Córdova y Narvaez, en representación de "Yatesport, SA" e en representación de "Astilleros y Construcciones Lagoa, SA", presenta no Rexistro Xeral, doc. 40079025 alegacións o devandito proxecto.

Con data 28/09/2004, o xefe de Cartografía e Delimitación, emite dilixencia como segue: "Achégase plano parcelario da zona ocupada polas obras do proxecto de "Rehabilitación do borde marítimo do monte da Guía", no que pode observarse que os terrenos a ocupar pola actuación son de propiedade municipal, adquiridos por compra e por convenio suscrito no seu día cos propietarios afectados, segundo datos que obran nesta oficina de Cartografía e no departamento de Patrimonio deste Concello.

Con data 8/10/2004, o xefe de Patrimonio Histórico, emite o seguinte informe:

En relación co asunto de referencia e da súa dilixencia de 29/09/04, infórmolle o seguinte:

1. As obras previstas atópanse dentro da zona de influencia do xacemento arqueolóxico catalogado coa clave GA36057001 (Castro do Monte da Guía)
2. Xa que logo en cumprimento do disposto no artigo 3331 do PXOU vixente e demais normativa de aplicación, o proxecto de obra deberá ser remitido á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ós efectos de que emitan a preceptiva autorización, previa á aprobación do proxecto.

Consideración sobre outros elementos patrimoniais de interese no ámbito:

O proxecto contempla obras de adecuación do contorno inmediato do Faro da Guía, elemento do patrimonio histórico da cidade que a pesar do seu evidente interese (o propio proxecto indica que é o faro en funcionamento máis antigo de Galicia despois do da torre de Hércules), non está incluído –por razóns que descoñecemos- en ningún dos catálogos existentes.

Pese a esta circunstancia, considérase que o solado elixido para a superficie chá que rodeará ó faro como "terraza" do miradoiro (adoquín hormigón coloreado) non é o máis apropiado se temos en conta os pétreos existentes noutros faros históricos vigueses (v.gr. Faro do Monte Faro de Cíes). Parece máis apropiado un pavimento de perpiaños bastos nesta zona (ó estilo dos antigos "adros") para establecer unha "transición" entre o elemento antigo e as novas estruturas que conformarán gradas-miradoiro. Consideramos asemade que as afloracións rochosas sobre as que se sitúa o faro, deberían conservarse na súa integridade, integrándose, se é o caso, cos novos pavimentos pois ó noso ver, forma parte inseparable do propio inmobile histórico.

Con data 11/11/2004, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, remite via fax o seguinte informe emitido pola arquitecta, dona Teresa Nieto Freire con data 9 de outubro de 2004

"O proxecto remitido polo Concello de Vigo afecta ao contorno inmediato do Faro da Guía, catalogado no Plan Especial de Protección do Monte da Guía co grao de protección integral. O Plan establece como necesarias a rexeneración, adecuación e posta en valor do seu contorno. O proxecto urbaniza o camiño que rodea o monte e discorre ao pé do faro e unha zona de mirador arredor do edificio. Mantense a traza actual que na zona próxima ao faro está forzada, xa que responde á plataforma superior do campo de fútbol que alterou a topografía orixinal.

A urbanización da plataforma do faro cun trazado moi xeométrico, distintos niveis e mestura de materiais, xunto coa proximidade do camiño ao edificio e do lazo que se crea para permitir o xiro de vehículos non responde ao meu entender as correctas medidas previstas no Plan Especial de rexeneración e posta en valor.

O trazado previsto no Plan Especial, ao que non se axusta este proxecto, trata de recuperar a topografía orixinal e transforma o campo de fútbol nunha zona de aparcadoiro adaptada á topografía, polo que na medida en que recupera a forma natural do terreo parece máis axeitado que o mantemento da traza actual.

En canto á urbanización do miradoiro arredor do faro, recoller o criterio do informe do Xefe de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo que require manter as afloracións rochosas sobre as que se sitúa o faro e optar por pavimentacións tradicionais sen tanta diversidade de materiais; cuarcita, verdedourada, perpiaño de granito, bordos de granito silvestre tostado, adoquín de formigón coreado. En canto a resolución formal deberíase acomodar ao terreo natural, renunciando a sobrepoñer unha traza xeométrica tan allea a un deseño máis propio dos paseos marítimos que se veñen executando nas vilas costeiras."

Con data 26/11/2004, a Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, presenta no Rexistro Xeral, doc. 40120180 o seguinte informe:

"Examinado o expediente promovido polo Ministerio de Medio Ambiente-Dirección General de Costas, en relación co proxecto de rehabilitación do borde marítimo do Monte da Guía, en Vigo.

Considerando que se trata dunha actuación no contorno do castro do monte da Guía e do Faro da Guía, bens catalogados polo Planeamento Municipal do Concello que, de acordo co art. 54 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

De acordo co informe-proposta da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra (sesión de 10 de novembro de 2004), no que se informa:

"O trazado previsto no Plan Especial, ó que non parece axustarse este proxecto, trata de recuperar a topografía orixinal.

En canto á Urbanización do miradoiro arredor do faro, de acordo co informe do Xefe de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, deberíanse manter as afloracións rochosas sobre as que se sitúa o faro e optar por pavimentacións tradicionais sen tanta diversidade de materiais. A resolución formal deberíase acomodar ó terreo natural, renunciando a sobrepoñer unha traza xeométrica e un deseño máis propios dos paseos marítimos nas vilas costeiras"

Comúncolle que, de acordo co artigo 84 da Lei de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, concédese un prazo de 15 días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen oportunas.

Con data 30/03/05, a Xefa da unidade técnica de Medio Ambiente, informe o seguinte:

Estudiado o proxecto de referencia, consultado o plan especial de protección do Monte da Guía, e despois da correspondente visita ó lugar de actuación, infórmase o seguinte:

O deseño do vial mixto proposto no proxecto non responde aos criterios de ordenación do plan especial de protección que propón a preservación e mellora dos valores do parque incluíndo actuacións de recuperación de zonas que teñen sido degradadas e a rexeneración da masa vexetal para face-lo monte accesible e atractivo para o cidadán, nunha cidade con enormes carencias de parques e espazos libres.

Os informes da delegación provincial da Consellería de Cultura, que figuran no expediente, indican que o proxecto debe responder aos criterios de rexeneración, adecuación e posta en valor do entorno do faro,

recuperando a topografía orixinal e urbanizando o miradoiro do faro con pavimentos tradicionais sen diversidade de materiais.

De acordo con todo isto o proxecto presentado deber axear o deseño do vial antes da súa aprobación polo pleno, de xeito que cumpra cos criterios do plan especial de protección no que respecta á preservación e mellora dos valores do parque, recuperación de zonas degradadas e posta en valor de entorno do faro, para elo propónse que sexa unha senda peonil que permita, unicamente, o paso de vehículos de mantemento cando sexa preciso, reducindo o ancho actual ó mínimo que permita este paso (uns 3 m.), recuperando o resto como superficie do parque e realizando as accións de rexeneración edáfica e da masa vexetal pertinentes, e empregando pavimentos que permitan un conxunto harmónico co tratamento do miradoiro do faro, marcado pola delegación provincial da Consellería de Cultura.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo..."

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de "Rehabilitación do Borde Marítimo do Monte da Guía. T.M. Vigo (Pontevedra)", redactado polo Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, Servizo de Costas de Pontevedra, condicionado a inclusión das propostas realizadas polo técnicos municipais e a Delegación de Cultura da Xunta de Galicia. Todo isto sen prexuízo das existencias ou autorizacións doutras administracións.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente a remisión do documento final que recolla as propostas dos técnicos e as autorizacións sectoriais exisibles a efectos de verificar o cumprimento do apartado anterior

Terceiro.- Poñer a disposición do Ministerio de Medio Ambiente os terreos necesarios para a actuación de acondicionamento do borde litoral Guía que segundo informe do xefe de Cartografía e Delimitación son propiedade Municipal.

Cuarto.- Considerar segundo o artigo 111.11 e 111.1.3 da Lei de Costas o devandito proxecto como obra de interese xeral de competencia do estado polo que sería de aplicación o art. 111.3 "As obras públicas de interese xeral citadas no apartado 1 de este artigo non están sometidas a licenza ou calquera outro acto de control por parte das administracións locais e a súa execución non poderá ser suspendida por outras administracións públicas, sen prexuízo da interposición dos recursos que procedan". Polo tanto, ao non ser necesaria licenza non habería lugar ó pagamento de taxas.

Quinto.- Adoptar o compromiso da conservación das obras.

39(602).-PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO BORDE LITORAL DE ALCABRE. EXPTE. 2424/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinada as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, do 27.05.05, que di o seguinte:

Con data 2 de marzo de 2004, o Ministerio de Medio Ambiente, presenta no Rexistro Xeral, doc. 40021623 o "Proxecto de Acondicionamento do Borde Litoral de Alcabre. T.M. de Vigo (Pontevedra) para a súa publicación no "Faro de Vigo" e no "Boletín Oficial da Provincia" e unha vez publicado remitilo novamente o Servizo Provincial de Costas coa seguinte documentación:

- *Aprobación do proxecto polo Pleno Municipal*
- *Certificación de dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, que serán incorporados ao dominio público marítimo-terrestre*
- *Compromiso de conservación das obras.*
- *Compromiso da conservación das obras*
- *Recoñecemento expreso de que tal como establece o artigo 111.3 da Lei de Costas, a obra está exenta do aboamento das taxas pola expedición da licenza exisibles con arranxo a lexilación urbanística.*

Con data 3 de maio de 2004, o arquitecto municipal, emite o seguinte informe:

"A petición verbal do Sr. Xefe dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 3 de maio de 2004, emítese este informe relativo ó Proxecto de acondicionamento do bordo litoral de Alcabre, no aspecto unicamente de planeamento urbanístico.

O proxecto que se informa ten data de abril de 2004, está asinado polo arquitecto autor D. César Portela Fernández-Jardón, a enxeñeira técnica directora D^a María D. Lamparte Martínez, e polo Xefe de servizo provincial de costas D. José Antonio Rueda Crespo, constando o cuño do Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, Servizo de Costas de Pontevedra.

CONDICIÓNS URBANÍSTICAS.-

Segundo o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, vixente por aprobación definitiva do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de abril de 2003 (DOG 10.05.2003), os terreos sobre os que se desenvolve o Proxecto de referencia, teñen a seguinte clasificación e cualificación de solo:

CLASE DE SOLO: SOLO URBANO:

CUALIFICACIÓN DE SOLO:

- a) *SECTOR 1 do proxecto:*
 - ZONA VERDE 3.1.A. procedente da cesión da UA 7 SANTA BAIÁ
 - ZONA VERDE 3.1.A. procedente da cesión da UA 8 IGREXA
 - ZONA VERDE 3.1.A (ordenanza directa) sobre parcela de propiedade municipal

-ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE SEN CUALIFICACIÓN DE SOLO (Casa de carabineiro e acceso á praias).

-O camiño de Borralleiro que nalgún plano parece estar incluído no Proxecto é un vial existente polo ámbito da UA 9 MUIÑO DO VENTO, pendente de desenvolver.

b) *SECTOR 2 do proxecto:*

-ZONA VERDE 3.1.A. procedente da cesión da U.A.6 SENSANT (Polígono 1)

-ZONA DE APARCAMENTOS 4.5 procedente da cesión U.A.6 SENSAT (Polígono 2)

c) *SECTOR 3 do proxecto:*

-viais existentes dentro do PERI 1 ROADE sen aprobación.

-ZONA VERDE 3.1.A procedente da cesión da U.E.II-14 ROADE

ORDENANZA DE APLICACIÓN 3.1.A. DE ZONAS VERDES

A ordenanza de aplicación 3.1. do Plan Xeral correspondente ós espazos xeralmente arborados e axardinados que se destinan ó lecer e repouso da poboación e a súa salubridade, así como ó illamento e protección de vías e de espazos de alta calidade natural en Solos Urbanos.

O grado A especifica o carácter de Parques e Xardíns, destinados ó uso de zonas de lecer.

As condicións de volume, aliñacións e rasantes, serán as establecidas polo Plan Xeral ou polos seus instrumentos de desenvolvemento.

A máxima edificabilidade posible, en ordenanza 3.1.A é de 0,02 m²/m², só para parcelas maiores de 1.000 m², cunha altura máxima de 1 planta ou 4 metros. Os cerramento dos espazos libres só poderá facerse con elementos opacos de altura máxima de 0,50 metros; por enriba dela poderán dispoñerse sebes vexetais.

Prohíbese expresamente a corta de árbores existentes, que deberán integrarse na ordenación da zona verde.

Por condicións de uso permitiríanse vivenda para gardería en zonas maiores de 10 has., intalacións de auga, gas ou electricidade categoría 1, almacéns de xardinería en tamaños mínimos, comercial en tamaño mínimo para servizo directo da zonas (Kioskos, de xornais, flores, chiringuitos..), postos de información, zonas de espectáculos e deportivos ó aire libre, sanitarios en tamaños mínimos e servizos xerais.

AFECCIÓNS DE LEXISLACIÓN SECTORIAL.-

A zona de dominio público neste tramo de costa foi desafectada da súa condición de zona de servizo portuario por O.M. de 6 de xuño de 2003.

Os terreos nos que se desenvolve o Proxecto atópanse, nunha parte aproximada de 140 metros de lonxitude, entre a praia de Carril e de Santa Baia, na zona de Dominio Público marítimo terrestre, por situarse por fóra do deslinde oficial de costas que figura no PXOU. Sen embargo este deslinde foi modificado recentemente, polo que debe ser comprobado polos servizos municipais de topografía.

Polo tanto, case a totalidade dos terreos incluídos no Proxecto estan en zona de servidume de protección da Lei de Costas.

O paseo transcorre por zonas de protección de xacementos arqueolóxicos: o xacemento da Vila romana da Praia do Cocho, catalogado no PXOU, e co número de inventario da Xunta de Galicia GA3657008, e o xacemento do Fiunchal (Alcabre), GA 3657087, non catalogado no PXOU. Tamén atópase na zona de protección da Igrexa de Alcabre, catalogada no PXOU e nas Normas Subsidiarias Provinciais.

COHERENCIA DO PROXECTO CO PLANEAMENTO.-

O proxecto desenvolve un paseo e zonas de lecer e deportivo ó aire libre con usos permisibles segundo o Plan Xeral de aplicación.

As construcións incluídas no Proxecto (bodegón, chiringo e aseos), ambas dunha planta, teñen unha superficie construída dtotal de 171 m²c, que respecto de todo o ámbito supoñen moito menos que 0,02 m²/m², con relación ós aproximadamente 49.000 m² do ámbito do proxecto, polo que se axustan á ordenanza de aplicación.

O Proxecto non fai mención expresa na súa Memoria do cumprimento da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, nin das solucións adoptadas para lles dar cumprimento, o que debe esixirse segundo o disposto na devandita Lei e o seu Regulamento (Decreto 35/2000).

CONCLUSIÓNS.-

O Proxecto de Paseo de Alcabre axústase no seu uso ás determinacións do Plan Xeral de Vigo. No que se refire á parte incluída no PERI de ROADE, pendente aínda de desenvolvemento, debe entenderse que trátanse de obras unicamente sobre un viario existente autorizables segundo o Plan Xeral.

En canto ó tramo do proxecto que transcorre pola zona de servidume de costa deberá solicitar a autorización do Servicio de Costas da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na Lei 22/1988 de Costas e o seu Regulamento RD 1471/1989, tendo en conta as sentencias do Tribunal Constitucional 149/1991 e 1981/1991.

En relación coa Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, e a normativa de protección arqueolóxica do Plan Xeral (art. 3.3.3.1., por protección dos xacementos arqueolóxicos da Vila romana da Praia do Cocho, catalogado no PXOU, e co número de inventario da Xunta de Galicia GA3657008, e o xamento do Fiunchal (Alcabre), así como da antiga igrexa parroquial de Alcabre deberá requirirse, previamente á aprobación do Proxecto, informe da Concellería Delegada de Patrimonio Histórico, e da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia sobre este aspecto.

Deberá esixirse a xustificación do cumprimento da Lei 8/97, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, e o seu Regulamento (Decreto 35/2000).

Con data 14 de maio de 2004, remítese ao Servizo Provincial de Costas a certificación das alegacións presentadas na Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19/04/2004, así como a do Rexistro Xeral do

Concello de Vigo de data 10/05/2004, xunto cos orixinais das alegacións presentadas durante o periodo de exposición ao público.

Con data 28 de setembro de 2004, o xefe de Cartografía e Delimitación emite a seguinte dilixencia: "Achégase plano parcelario da zona ocupada polas obras do proxecto de "Acondicionamento do borde litoral de Alcabre", no que pode observarse que os terreos a ocupar pola actuación son de propiedade municipal, adquiridos por convenio suscrito no seu día cos propietarios afectados, segundo datos que obran nesta oficina de Cartografía e no departamento de Patrimonio deste Concello."

Con data 11 de novembro de 2004, o xefe de Patrimonio Histórico, emite o seguinte informe:

Conforme á súa dilixencia de 29/09/2004, en relación co asunto de referencia, analizado o proxecto de acondicionamento incluído no expediente 2424/306, infórmase o seguinte:

- As práctica totalidade das obras previstas atópanse dentro do ámbito de protección (200 m. dende o límite exterior do xacemento) dos xacementos catalogados coas claves GA36057087 (O Fiunchal) e GA 36057008 (Vila romana Punta Borralleiro/Praia do Cocho) así como nos 50 metros do achado casual A-6 (Material lítico en praias de Alcabre), do catálogo de xacementos arqueolóxicos de Vigo.
- Parte das obras previstas atópanse dentro do ámbito de protección (radio de 100 metros dende o elemento protexido) do Conxunto Igrexa e Cemiterio de Alcabre), catalogado no Plan Especial de Edificios e Conxuntos a Conservar (PEEC) coa clave I-20
- Se ben aínda non se ten incluído dentro do inventario de Xacementos arqueolóxicos de Vigo, as obras previstas atópanse tamén dentro do ámbito do xacemento de Punta Muíño-Museo do Mar, (con restos de distintas épocas dende a primeira fase da cultura castrexa ata a romanización, pasando por importantes vestixios do comercio co mediterráneo como se atestigua na gran cantidade de restos ibero-púnicos atopados), que ten sido en parte excavado arqueoloxicamente nos últimos anos tras ser afectado polas obras de construción do Museo do Mar de Galicia.
- No mar tense documentado na zona de Cabo de Mar os restos dun pecio romano, datado aproximadamente no século I d. de C.
- Nos últimos anos diversos restos en achados casuais teñen sido rescatados nas praias da zona: tégula e cerámica romana e castrexa, muíños de man castrexos, machados de pedra e poutadas e elementos constructivos de datación imprecisa (columnas na zonaintermareal).

En consecuencia é de aplicación o disposto no artigo 3331 das normas urbanísticas do PXOU vixente e Lei do Patrimonio Cultural de Galicia no sentido de ser preceptiva para a súa aprobación e execución, a autorización previa da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Consideracións xerais

O proxecto que se presenta para informe realízase nunha zona litoral de altísimo valor arqueolóxico. Neste pequeno tramo costeiro atopámonos cunha concentración de restos arqueolóxicos excepcional tanto pola súa cantidade como polo relativo bo estado de conservación que presentan, segundo se deduce en aqueles que, como a factoría de salgadura/villa romana do Fiunchal o da praia do Cocho ou o Castro do Museo do Mar, foron excavados arqueoloxicamente nos últimos anos. A existencia destes importantes restos supón o principal

valor engadido ó do medio ambiental e paisaxístico, conformando, ó noso xeito de ver, un lugar singular e de oportunidade dentro de Galicia para a comprensión da historia da ocupación humana do territorio costeiro. Se temos ademais en conta que boa parte dos restos atópanse aínda sen excavar, que se sitúan en zonas de propiedade pública (ou que poderá ser pública nun futuro próximo -pensemos nas zonas de cesión na Unidade urbanística Muíño de Vento, que podería liberar a denominada “finca Vidreiros” na que existen evidencias dunha Villa romana ben conservada-), que está en marcha a musealización da villa romana de Toralla tamén neste tramo do litoral e que o Museo do Mar de Galicia pode ser un elemento cultural estruturador de primeiro orde para o conxunto, semella relevante que nunha actuación pública nesta zona deban incluírse, canto menos como elemento de reflexión ou como un dos condicionantes básicos, o patrimonio arqueolóxico presente na zona.

Na memoria introdúcese como Criterios de proxecto:... “Recuperar valores de todo tipo existentes en outras épocas y hoy degradados, desvirtuados o desaparecidos por una acción descuidada o desacertada”. Tamén no anexo nº 5 “Evaluación de la Incidencia Ambiental en el terreno”, dise textualmente que “El área de actuación pretende la recuperación de los valores naturales y culturales...”

O proxecto, non embargantes, recolle os valores arqueolóxicos exclusivamente “en negativo”, isto é, como un condicionante administrativo soamente, sen que exista ningunha acción de protección, recuperación ou posta en valor dos restos existentes. Pola contra, o conxunto da actuación faise “obviando” ou “esquivando” a evidencia da existencia dos restos arqueolóxicos. Consecuentemente non só non se actúa en relación con eles, senon que non se realiza ningunha lectura nin reflexión previa sobre o seu presente, contexto e futuro, o que pode supoñer un grave handicap para proxectos de posta en valor que razoablemente poidan acometerse no futuro.

Tampouco no documento de Avaliación da incidencia ambiental, se recolle ningunha referencia ó impacto que as obras previstas terán sobre os xacementos. Resulta paradóxico que se recoñeza nese documento que analizando as accións do proxecto na fase de “obras e infraestruturas”, destacan claramente as “Excavacións” como a que produce un impacto maior, e que un dos elementos máis sensibles ós movementos de terras como son os restos arqueolóxicos, non merezan consideración neste documento. Entendemos que é necesario que o documento de Avaliación da incidencia ambiental recolla os posibles impactos sobre o patrimonio cultural da zona, non só aqueles derivados directa e inmediatamente das obras, senon tamén que considere en que medida a execución destas poderá condicionar ou non o coñecemento científico dos xacementos existentes e a súa rendabilización sociocultural.

No apartado 15 da memoria Condicionantes arqueolóxicos, cítanse correctamente os elementos expresamente catalogados e a normativa de aplicación no ámbito do proxecto. Non embargantes o plano cos ámbitos de protección incluído nese apartado é incorrecto pois a liña de protección marcada nel non abrangue os “200 metros medidos a partir dos elementos exteriores do filón” como prescribe o apartado 3.3.3.1. das normas urbanísticas do PXOU vixente e artigo 30.2.c. das NNCCSSPP, senon un círculo cuxo centro semella aleatorio.

Finalmente, no apartado 4.m. da memoria do proxecto, indícase que “se realizarán controles y actuaciones arqueológicas (realizadas por arqueólogo) en el Sector 1, en el parque de los camelios. En el resto de la actuación no se considera necesario esta actuación ya que en pavimentos se excava muy superficialmente” (o subliñado é noso). Tal afirmación non pode ser sostida se temos en conta que en tódolos sectores se realizarán movementos de terra a distintas profundidades para as instalacións de saneamento, alumeadado e rego automático (zanxas, arquetas, pozos..), así como cimentacións de rampas e muros e plantacións de arborado. De feito esta afirmación restrinxindo a unha parte do sector 1 do proxecto as actuacións arqueolóxicas, é

contradictoria coa partida 11.11 do orzamento (pax. 240 do documento 4 –Presupuesto) na que literalmente se indica que, ademais da previsión de intervencións de sondaxes mecánicas e manuais en zonas concretas, “el resto del proyecto deberá estar sujeto a una cautela arqueológica, incluyendo las obras de ajardinamiento, viales, saneamiento, etc., es decir todo aquello bajo cota terreno actual”.

En calquera caso, a competencia para determinar o tipo e características das intervencións arqueolóxicas en zonas de cautela (neste caso todo o ámbito do proxecto) e para autorizar o proxecto constructivo e arqueolóxico -se é o caso-, é da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Consideramos pois necesario, para garantir a preservación dos valores históricos dos restos expresamente coñecidos e daqueles outros que indiciariamente existen e aínda non foron descubertos, que se aporte ó proxecto canto menos a seguinte documentación:

- Planos corrixidos de localización dos xacementos e áreas de protección arqueolóxica.
- No Estudio de Incidencia Ambiental: deberase incluír a valoración dos impactos das obras previstas sobre o patrimonio cultural, tanto os directos coma os derivados do posible condicionamento que as obras proxectadas poideran ter no futuro para o coñecemento, estudio científico e posta en valor sociocultural dos xacementos arqueolóxicos existentes.
- A memoria deberá conter unha xustificación das obras e accións propostas en relación cos impactos directos e indirectos, actuais e futuros, que poidera haber sobre o patrimonio cultural da zona. Entendemos que se debería xustificar tamén –dada a vocación “rexeneradora” e “recuperadora” do proxecto máis alá dun mero paseo litoral- a opción tomada de non intervir e poñer en valor o patrimonio arqueolóxico coñecido.

En conclusión e a xuízo do técnico que asina:

1. Coa finalidade de garantir a preservación material e os valores históricos dos elementos do patrimonio cultural que poidan estar afectados pola execución destas obras, considérase imprescindible aportar ó Proxecto, canto menos a documentación que se cita no derradeiro apartado deste informe.
2. En cumprimento do disposto no artigo 3331 do PXOU vixente, 44 e D.A. 2ª da LPCG e 18 das NNCCSSP e demais normativa de aplicación, o proxecto de obra (ó que se acompañará este informe) deberá ser remitido á Delegación Provincial de Cultura da Xunta de Galicia ós efectos de que emitan o preceptivo informe e, se é o caso, autorización, previos á aprobación do proxecto.

Con data 19 de maio de 2004, a xefa da unidade técnica de Medio ambiente, emite o seguinte informe:

"En relación co asunto de referencia e unha vez analizado o expediente e o proxecto, fanse as seguintes consideracións:

SOBRE O EXPEDIENTE:

Non consta a remisión do proxecto á Delegación Provincial de Cultura da Xunta de Galicia, dende o 11 de novembro de 2004, requisito indispensable previo a aprobación do proxecto polo pleno.

SOBRE O PROXECTO:

O proxecto presenta numerosas deficiencias que se trataron de amañar con numerosas visitas á zona de actuación, para evitar unha solicitude de ampliación de documentación que seguiría atrasando a tramitación do proxecto que se iniciou o 2 de marzo de 2004.

Entre as deficiencias de contido máis importantes están as seguintes:

- Na memoria do proxecto non se fai unha descrición pormenorizada das actuacións a levar a cabo, facéndose unha simple enumeración que non permite facerse unha idea clara de magnitude das mesmas.
- Os planos conteñen algúns erros como considerar "estado actual" nos planos de planta da urbanización, ó que realmente vai a ser a situación final. Así mesmo, aparecen lendas no sector II que logo non aparecen localizadas.

Referéncianse os elementos existentes con números e os elementos a demoler con letras, facendo mais complexa a avaliación do que hai, do que se vai a demoler, do que se vai a facer de novo e do que vai a permanecer. Ademais, na memoria solo se enumera o que se vai a facer de novo

- O documento de avaliación da incidencia ambiental non identifica os impactos para cada acción do proxecto nin refire todos os valores do entorno susceptibles de ser afectados. Non fai unha valoración dos mesmos nin unha xerarquización que permita coñecer a súa importancia relativa. As medidas correctoras adoecen tamén destes defectos.

O Inventario ambiental non distingue a vexetación actual da vexetación potencial, polo que colle como criterios de revexetación a consolidación da vexetación existente, que o estudio considera como "propia deste borde litoral" sendo a maioría especies impropias das costas.

No estudio comparativo da situación actual e futura non se fai unha avaliación do grado de degradación da zona dende unha perspectiva histórica, que proporcione unha base para deseñar a actuación.

CONSIDERACIÓNS AMBIENTAIS:

- O proxecto establece como criterios a preservación e recuperación dos valores existentes noutras épocas, hoxe degradados. Sen embargo as actuacións que se propoñen non seguen estes criterios, tratándose máis ben dunha urbanización do litoral que dunha recuperación dos valores degradados.
- O novo PXOM considera a zona de actuación como Sistema Xeral de Espazos Libres e zonas Verdes. O PXOM diseña unha estratexia xeral de protección do medio natural baseado nos sistemas xerais de Espazos Libres e Zonas Verdes, como elemento de conexión entre as 4 áreas de solo rústico de protección resultantes. Isto permite crear unha verdadeira estrutura que articula os espazos verdes da cidade, para chegar a un modelo baseado no desenvolvemento sostible.
O desenvolvemento deste proxecto impedirá acadar estes obxectivos do PXOM no futuro, xa que non permitirá que este Sistema Xeral funcione como elemento de conexión entre ecosistemas porque consolida un ecosistema degradado e introduce gran número de especies impropias do ecosistema litoral.

Por todo o considerado anteriormente o proxecto debe encamiñarse, a xuízo da técnica que subscribe, á recuperación e preservación dos valores da zona, contemplando entre outras as seguintes actuacións:

- Eliminación do material de recheos existentes e dos muros de contención de terras e recuperación na medida do posible, dos perfís orixinais, de xeito que se favoreza o avance natural do areal.

- *Soterramento da estación de bombeo de augas residuais e estudio do trazado, características e profundidade dos colectores existentes coa fin salvar as limitacións que poidan impoñer ás actuacións de recuperación.*
- *Eliminación da rampla de formigón da praia de Carril, recuperando a superficie orixinal das rochas.*
- *Desprazamento hacia atrás da liña do areal, da ruína que pretende acondicionarse como bodegón.*
- *Apantallamento dos aparcamentos e campo de xogo procurando que as diferencias de cota non o fagan visible.*
- *Recuperación da flora empregando especies propias da vexetación potencial da zona.*
- *Eliminación das múltiples sendas paralelas nos distintos sectores, deseñando o paseo con criterios de integración na paisaxe natural, e de compatibilidade co avance natural do areal.*

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo..."

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Aprobado o proxecto de "Acondicionamento do Borde Litoral de Alcabre, T.M. de Vigo (Pontevedra)", redactado polo Ministerio de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Costas, Servizo de Costas de Pontevedra, condicionado a inclusión das propostas realizadas polo técnicos municipais. Todo isto sen prexuízo das exisencias ou autorizacións doutras administracións, especialmente a autorización do proxecto constructivo e arqueolóxico da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente a remisión do documento final que recolla as propostas dos técnicos e as autorizacións sectoriais exisibles a efectos de verificar o cumprimento do apartado anterior

Terceiro.- Poñer a disposición do Ministerio de Medio Ambiente os terreos necesarios para a actuación de acondicionamento do borde litoral Guía que segundo informe do xefe de Cartografía e Delimitación son propiedade Municipal.

Cuarto.- Considerar segundo o artigo 111.11 e 111.1.3 da Lei de Costas o devandito proxecto como obra de interese xeral de competencia do estado polo que sería de aplicación o art. 111.3 "As obras públicas de interese xeral citadas no apartado 1 de este artigo non están sometidas a licenza ou calquera outro acto de control por parte das administracións locais e a súa execución non poderá ser suspendida por outras administracións públicas, sen prexuízo da interposición dos recursos que procedan". Polo tanto, ao non ser necesaria licenza non habería lugar ó pagamento de taxas.

Quinto.- Adoptar o compromiso da conservación das obras.

40(603).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O INFOBUS E CENTRO XUVENIL. EXPTE. 1286/336.

Antecedentes

Con data 4.04.05 a Xunta de Goberno aproba o expediente de contratación da asistencia para a atención da oficina móbil de información xuvenil denominada Infobús.

Durante o prazo sinalado non anuncios publicados no DOG nº 75 e no BOP nº 77 de datas 20 e 22 de abril do presente ano respectivamente, presentáronse unha única proposicións: 1.-Concepción Cuña Pérez.

Con data 9.05.05 a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a proposta e pasándoa a informe de valoración do Servizo de Xuventude.

A técnica do Servizo de Xuventude emite dito informe o 19.05.05, no que fai contar que “propón a adxudicación da oficina móbil de información xuvenil INFOBÚS e o Centro Xuvenil da Concellería de Xuventude á firma D^a. Concepción Cuña Pérez por un importe de 35.875 €/ano por ser a oferta máis ventaxosa para os intereses municipais”.

A Mesa de Contratación en sesión do 23.05.05, visto o devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Concepción Cuña Pérez o concurso para a contratación da asistencia técnica para a contratación da asistencia técnica para o infobus e centro xuvenil por un importe anual de 35.875 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 04.04.2005 e a oferta presentada.

41(604).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO E INFORMACIÓN XUVENIL. EXPTE. 1283/336.

Antecedentes

Con data 4.04.05 a Xunta de Goberno aproba o expediente de contratación da asistencia técnica para o asesoramento e información xuvenil do Concello de Vigo.

Durante o prazo sinalado non anuncios publicados no DOG nº 75 e no BOP nº 77 de datas 20 e 22 de abril do presente ano respectivamente, presentáronse as seguintes proposicións: 1.-Eulen S.A., 2.- Xoma Iniciativas Sociais S.L.

Con data 9.05.05 a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoa a informe de valoración do Servizo de Xuventude.

A técnica do Servizo de Xuventude emite dito informe o 19.05.05, no que fai contar que “propón a adxudicación asistencia técnica para o asesoramento e información dos Servizos de Información Xuvenil da Concellería de Xuventude á firma Xoma Iniciativas Sociais S.L. por un importe de 85.000 €/ano por ser a oferta máis ventaxosa para os intereses municipais”.

A Mesa de Contratación en sesión do 23.05.05, visto o devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Xoma Iniciativas Sociais, S.L. o concurso para a contratación da asistencia técnica para o asesoramento e información dos servizos de información xuvenil por un importe anual de 85.000 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 04-04-2005 e a oferta presentada.

42(605).- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e coarenta e cinco minutos Como secretaria dou fé.

me.

O TENENTE DE ALCALDE,

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

José Manuel Figueroa Vila

Ignacio López-Chaves Castro.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión do 30 de maio de 2005. Comprende 66 follas numeradas do 526 ó 591 da Serie A nº 1592348 ó 1592413. Aprobouse na sesión do 20 de xuño de 2005 sen ningunha rectificación.

Vigo 20 de xuño de 2005.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez.